



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 30 DE XULLO DO ANO 2018.**

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luís Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG) (Incorpórase *no punto 5*).
- Elvira Blanco Pérez. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- José Manuel Cardalda Novo (grupo m. Cs)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Diaz (Concelleira non adscrita).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita). (*Auséntase no punto 9*).

Asiste o interventor do concello: Pablo Bao Castro.

Asiste o secretario xeral do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do luns 30 de xullo de 2018** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 23-07-2018) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO 11 DE XUÑO DE 2018.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 11 de xuño de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria do día 11 de xuño de 2018.**

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 11 de xuño de 2018.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 25 DE XUÑO DE 2018.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 25 de xuño de 2018.

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 2 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2018.**

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 25 de xuño de 2018.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 ADICIONAL 1/2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, como saben tíñamos un complementario e agora temos un adicional; o que se propón é incluír unha das obras que neste pleno se teñen solicitado como é o bombeo de Campelos. A Diputación financiará 93.000 € dun total de 216.000, polo tanto, o Concello tense que comprometer a financiar pola cantidade restante.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta-dictame comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente; “Asunto: Aprobación, se procede, Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de competencia municipal (Plan Unico de Concellos) POS+ 2018 adicional 1/2018 da Deputación Provincial de A Coruña”, de data 17 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Consta no expediente o proxecto denominado:

- “Instalación de red saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)” de data xullo de 2018, redactado pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira, cun orzamento de 216.055,11 €.

Vista a memoria da Alcaldía emitida na data 17 de xullo de 2018. “Memoria económica da Alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado”. “Denominación do investimento financeiramente sostible: instalación de rede de saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; **que consta no expediente na sesión.**

Visto o informe conxunto emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle e pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. Informe Técnico-Xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos. “Denominación do investimento: “Instalación de rede saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; **que consta no expediente na sesión.**

Visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. Informe Técnico sobre o investimento. “Denominación do investimento: “Instalación de rede saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; **que consta no expediente na sesión.**

Visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Aparellador municipal Jesús García Ramos. “Asunto: informe de viabilidade de obras municipais”. Proyecto: instalación de red saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; **que consta no expediente na sesión.**

Visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. “Informe da Intervención ou Secretaría–Intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado”. “Denominación do investimento financeiramente sostible: instalación de rede de saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; **que consta no expediente na sesión.**

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 20 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) dí: por ter en conta a solicitude deste grupo municipal no pasado pleno extraordinario do Estado de Cidade, donde expuxemos a importante necesidade de que en Campelos se instalara a rede de saneamento, polo que non podía ser doutra forma, votamos a favor da aprobación si procede desta obra.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: vistos os planos de emprazamiento xunto ca Enxeñeira municipal donde chega ata o núcleo de Campelos desde a AC-303 e a intersección da Fieiteira, e vistos os detalles que se poñen da bomba e o cadro eléctrico, imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que comentar que nesta parroquia cas previstas de Sirves que se están facendo e Fontenla, quedan os núcleos importantes con este servizo, e que en Oleiros todavía queda a zona de Muiños, como ben saben, esa hai o compromiso da Xunta de Galicia de facela, có cal espero que este mesmo ano tamén puideran adjudicarse. Tódolos grandes núcleos do Concello terán saneamentos e quedarán, lóxicamente, pois casas ailladas ou pequenos lugares que non o teñan pero o que son núcleos medianos ou grandes, ou pequenos pero núcleos estarán todos con ese servizo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, tres votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno da Corporación Municipal, vistos os proxectos técnicos e o expediente segundo consta na sesión; vista a proposta-dictame comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente; “Asunto: Aprobación, se procede, Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de competencia municipal (Plan Unico de Concellos) POS+ 2018 adicional 1/2018 da

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 5 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Deputación Provincial de A Coruña”, de data 17 de xullo de 2018; vista a memoria da Alcaldía emitida na data 17 de xullo de 2018. “Memoria económica da Alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado”. “Denominación do investimento financeiramente sostible: instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; visto o informe conxunto emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle e pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. Informe Técnico-Xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos. “Denominación do investimento: “Instalación de rede saneamento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. Informe Técnico sobre o investimento. “Denominación do investimento: “Instalación de rede saneamento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Aparellador municipal Jesús García Ramos. “Asunto: informe de viabilidade de obras municipais”. Proyecto: instalación de red saneamiento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; visto o informe emitido na data 17 de xullo de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. “Informe da Intervención ou Secretaría–Intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado”. “Denominación do investimento financeiramente sostible: instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Campelos (Olveira)”; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 20 de xullo de 2018; por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento do pago a provedores:

Financiamento das facturas pendentes de pago con provedores de importe igual ou superior a 100 € (IVE incluído), que teñen entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 31 de decembro de 2017 (este incluído) ou voluntariamente de data posterior;

(Só para o caso de concellos que non presentaron solicitude na 1ª fase deste Plan)

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan)

Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan			Financiamento dos investimentos		
Procede do POS+ 2018 Complementario SI / NON	Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
NON	INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN CAMPELOS (OLVEIRA)	160	93.647,20	122.407,91	216.055,11
	Subtotal investimentos financeiramente sostibles		93.647,20	122.407,91	216.055,11

Aprobar os proxectos das novas obras ou os pregos das novas subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2018 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN	0,00		0,00
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN	93.647,20	122.407,91	216.055,11
SUBTOTAL	93.647,20	122.407,91	216.055,11
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN	209.278,24		209.278,24
TOTAL	302.925,44	122.407,91	425.333,35

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- INICIO TRÁMITES MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM ÁREA FRIGORÍFICO DE AGUIÑO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que este é un compromiso que como saben tiñamos cós propietarios do terreno; no seu momento, é a Cofradía de Pescadores, e alí había unha infraestrutura que era os frigoríficos o que motivou que cando se fixo o Plan Xeral se puxera industrial, pero a día de hoxe non ten previsto nin de funcionar, nin que no futuro funcione, e polo tanto, o compromiso é pasar o chan urbano industrial ao chan urbano residencial con todas as esixencias legais, e a parte deso, como eso, digamos, que é o primeiro punto para que comencen os traballos que terán que vir a este pleno, é dicir, o primeiro trámite, o outro día no que foi a Xunta de portavoces, coincidíamos si non ten ningún dos presentes outra opinión, pois, en incluír tamén o que é no que vai a ser a futura modificación 6.3.A para facelo como unifamiliar que é a pretensión que tiña o pleno no seu momento e creo que teñen todavía tamén os grupos que o representan.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a providencia de Alcaldía, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 20 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: nós, IPdeR, vamos a votar a favor, Sr. Alcalde, pero solo decirlle que agora que pasa de ser industrial, pois, desde a Cofradía que lle den unha man de encalado, provisionalmente, realmente aquilo onte ca festa e o día das festas, eu creo que encalar un pouco o que é a fachada eu creo que tampouco costa moito traballo e melloraría a visión daquela praza.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: visto o expediente de inicio, consideramos que coa documentación aportada non queda suficientemente definida a área solicitada nos informe achegados.

Solicitamos que na documentación a realizar conste referencias catastrais, obxeto da actuación de modificación actual do PXOM, así como o tipo de ordenanza de chan urbano residencial a aplicar ou destinar.

De tódolos xeitos, consideramos que esa zona industrial non ten cabida no espacio urbano da vila.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, efectivamente Sr. Vilas, agora o que se vai a facer é tomar en consideración e logo ten que vir ao pleno o que vostede reclama agora, lóxicamente, é o espacio que o está catalogando como industrial que será fijado nos termos en que vostede decía.

A ordenanza de aplicación, hai unha xenérica do máximo que pode ter de edificabilidade según a Lei que é o 1%, un metro por metro, e a partir de ahí supoño que a ordenanza terá que ser a do entorno no que está, pero eso, é o que aprobaremos nas próximas datas neste pleno.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: esta era unha cousa que xa tiñamos falado fai varios anos, eu estou un pouco así





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

porque esto podíamos telo feito xa hai tempo, Sr. Alcalde, de todas maneiras, nós tamén imos a votar a favor e o que sí lle pido a vostede e tamén ao resto dos compañeiros desta Corporación, é que teñamos a vontade política de facelo dunha maneira que cando remate esta lexislatura xa esté o proceso todo ben e andando porque senon esto vaise a facer moi longo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, tres votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a providencia de Alcaldía, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018; visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018; vista a Proposta da Alcaldía, “Expediente modificación puntual Plan Xeral ordenación municipal. Área frigorífico de Aguiño. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de xullo de 2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 20 de xullo de 2018, por unanimidade dos membros presentes; acorda:

VISTA a conveniencia de iniciar a **modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-Área do Frigorífico de Aguiño** e as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución, expónse a conveniencia de promover unha modificación puntual do mesmo, no senso de que a actual clasificación e calificación como **“chan urbano industrial”, según ordenanza 7 do vixente Plan Xeral, pase a “chan urbano residencial”**





VISTO o informe de Secretaría de data 17 de xullo de 2018, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: - Aprobar o **inicio dos trámites correspondentes** para a **modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal - Área do Frigorífico de Aguiño.**

SEGUNDO: - **Tomar en consideración a futura modificación da Ordenanza 6.3.a.**

TERCEIRO: - **Facultar ó Sr. alcalde-presidente** tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Incorpórase nestos intres ao salón de sesións a concelleira M^a Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG).

5.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 3 DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que é engadir o que é a venda ambulante en Aguiño os luns e fixar un pouco a ocupación que poden ter os postos que se meten 2 metros como máximo de ancho cos postos. En realidade o que veñen ocupando son 3 metros, digamos, entre a parte de atrás mais os postos. Se puxo isto así para que como queda fixo xa na ordenanza que é 1 m. de espacia para atrás, non puideran superar en todo caso os 3. Moitos dos postos non teñen 2 metros pero outros sí, pero o que tería agora sería o máximo de 2 metros para que así non podan exceder de 3.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Técnico de Administración Xeral Urbanismo José Martínez De Llano Orosa, Asunto: “Informe xurídico en relación á modificación do artigo 3 da Ordenanza de Venda Ambulante”, de data 19 de xullo de 2018, que consta no





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía, “Modificación da Ordenanza de Venda Ambulante” de data 19 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 20 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: nós vamos a votar a favor pero nos gustaría que tamén aquí en Riveira hai outras zoniña que está ocupada por vendedores ambulantes que creo que puido haber sido incluída aquí para regular esa zona e os postos.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: vistos os informes preceptivos dos Técnicos municipais, imos a votar a favor da proposta de modificación da Ordenanza de Venda Ambulante no seu artigo 3.

Comentar que nos parece ben os horarios relacionados da actividade comercial pero hai que ser mais dilixentes por parte de quen corresponda, concretamente en Aguiño, para que despois do horario previsto se habilite a rúa ao tráfico rodado, pois, nos encontramos con que as vallas permanecen colocadas incluso ao anoitecer ou ao día seguinte.

Tamén quería incidir na palabra descomantaxe, que realmente non existe en galego, solicitamos que se rectifique e que se poña a palabra desmontaxe, na páxina 3 “Horarios: Descarga e instalacións e desmontaxe”.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: dende o BNG, pois, tamén estamos a favor de que se descentralice, e que se introduza nas parroquias con estas actividades tamén para que haxa mercados mais alá do Centro Urbano.

Aproveitando que estamos a modificar esta Ordenanza para a Venda Ambulante, dende o BNG gustaríanos facer ao grupo de Goberno dúas preguntas: cando teñen pensado proceder a cobrarlle as taxas a este Mercado que agora mesmo están exentas?, e tamén, que tipo de taxas se lle vai a aplicar?, si se lle vai a aplicar a do centro urbano ou vai a ter algunha reducida por ser nunha parroquia.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, como ben sabe, o que estamos é neste caso, modificando a Ordenanza, non a fiscal, a fiscal témola que modificar que é cando se lle empezará a cobrar e xa en Palmeira teñen unha bonificación, polo tanto, terán tamén bonificación.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

De todas formas, eu supoño que descomantaxe, o falaremos con Alicia Padín, a ver si esto foi un erro ou é a palabra correcta en galego; a min tampouco me sona Sr. Vilas, pero como escoitei tantas palabras que non, eu entendo que é un erro pero antes de cambiala miraremos si efectivamente en galego normativo, desmontaxe é descomantaxe.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe do Técnico de Administraión Xeral Urbanismo José Martínez De Llano Orosa, Asunto: “Informe xurídico en relación á modificación do artigo 3 da Ordenanza de Venda Ambulante”, de data 19 de xullo de 2018; vista a Proposta da Alcaldía, “Modificación da Ordenanza de Venda Ambulante” de data 19 de xullo de 2018, e o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 20 de xullo de 2018, por unanimidade dos seus membros; acorda:

PRIMEIRO.- O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2012 acordou aprobar inicialmente a **ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE** do Concello de Riveira, de conformidade co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de suxerencias e reclamacións.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ambos da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días en virtude de edicto publicado no taboleiro de anuncios do Concello dende a data de 13 de novembro de 2012 ata o 21 de decembro de 2012 e publicado no BOP nº 216 de 13 de novembro de 2012.

SEGUNDO.- Transcorrido o antedito prazo presentáronse alegacións pola Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio, en escrito rexistrado de entrada na data 14 de decembro de 2012, (Rexistro de entrada nº 16.650).

TERCEIRO.- O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2013 acordou a aprobación definitiva da **ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE** do Concello de Riveira publicada no BOP nº 139 de 22 de xullo de 2016.

CUARTO.- Posteriormente o Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2017 acordou aprobar a **MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6.2.A DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE** do Concello de Riveira, de conformidade co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de suxerencias e reclamacións, resultando do seguinte modo:

“

(...)

Artigo 6.2. A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante rexerese polos seguintes parámetros:

a) Terá unha duración máxima de cinco anos, que coincidirá co 1º trimestre natural as autorizacións deberan renovarse nese trimestre de forma expresa por idéntico periodo. A renovación da autorización realizarase cada 5 anos. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada 5 anos renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.

(...)

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 14 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

“

De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ambos da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días en virtude de edicto publicado no taboleiro de anuncios do Concello dende a data de 20 de outubro de 2017 ata o 1 de decembro de 2017 e publicado no BOP nº 199 de 19 de outubro de 2017.

QUINTO.- Visto o informe xurídico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo José Martínez de Llano Orosa na data 19 de xullo de 2018.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- MODIFICAR O ARTIGO 3 DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE RESULTANDO:

“Artigo 3. Modalidades

1. O exercicio da venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro desta epígrafe están encadradas, entre outras as realizadas en feiras populares, en mercados de postos e en rastros.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas, ou acontecementos populares.

e) Venda ambulante mediante camiós ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 15 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

2. Mercados periódicos. **O mercadillo de Riveira, celebrarase en tres localidades, na Cidade de Riveira, na parroquia de Palmeira e na parroquia de Aguiño** pero podria ampliarse o resto das parroquias de Riveira previo informe e sea aprobado polo Sr. Alcalde ou delegado correspondente.

En Riveira celebrarase todos os sábados do ano na zona do recheo Portuario. En Palmeira celebrarase na Rúa do Cruceiro e na Rúa da Canle. **En Aguiño celebrarase na Rúa Castelao ou na Rúa Francisco Lorenzo Mariño.** Dentro dos mencionados perímetros, o concello instalará colectores para depositar o lixo ocasionado pola actividade comercial. Os postos de venda instalaranse deixando acceso os edificios e entradas a establecementos comerciais ou industriais, e coidando de non facelo tapando de forma notoria os escaparates ou exposicións, ou de xeito que dificulten os accesos a circulación peonil.

1. Riveira

Datas: Os sábados de cada semana durante todo o ano (excepto festivos ou por mor dalgun acontecemento extraordinario).

Horarios:

A) Descarga e instalación desmontaxe

- Verán: De 08:00 a 9:00 horas. De 14:15 a 15:15 horas

- Inverno: De 08:00 a 09:00 horas. De 14:00 a 15:00 horas

A partir das 15:15 horas en verán e as 15:00 horas en inverno non podera haber ningún posto nin vehículo no lugar, esta infracción considerarse como unha falta leve

B) Actividade Comercial.

- Verán: De 09:00 a 14:15 horas.

- Inverno: De 09:00 a 14:00 horas.

Considerarase horario de verán e inverno segundo o cambio horario a nivel estatal.

2. Palmeira

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 16 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Datas: Os venres de cada semana durante todo o ano (excepto festivos ou por mor dalgun acontecemento extraordinario).

Horarios:

A) Descarga e instalación desmontaxe

- Verán: De 08:00 a 9:00 horas. De 14:15 a 15:15 horas

- Inverno: De 08:00 a 09:00 horas. De 14:00 a 15:00 horas

A partir das 15:15 horas en veran e as 15:00 horas en inverno non podera haber ningun posto nin vehiculo no lugar, esta infraccion considerarse como unha falta leve

B) Actividade Comercial.

- Verán: De 09:00 a 14:15horas.

- Inverno: De 09:00 a 14:00 horas.

Considerarase horario de verán e inverno segundo o cambio horario a nivel estatal.

Vendedores: Poderán exercer a actividade todos os comerciantes e produtores agrícolas que posúan a correspondente autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

Vendedores: Poderán exercer a actividade todos os comerciantes e produtores agrícolas que posúan a correspondente autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

Para supostos ou eventos excepcionais por resolución da Alcaldía poderán habilitarse espazos distintos dos sinalados.

3. Aguño

Datas: **Os luns de cada semana durante todo o ano** (excepto festivos ou por mor dalgun acontecemento extraordinario).

Horarios:





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

A) Descarga e instalación desmontaxe

- Verán: De 08:00 a 9:00 horas. De 14:15 a 15:15 horas

- Inverno: De 08:00 a 09:00 horas. De 14:00 a 15:00 horas

A partir das 15:15 horas en verán e as 15:00 horas en inverno non podera haber ningún posto nin vehículo no lugar, esta infracción considerarse como unha falta leve

B) Actividade Comercial.

- Verán: De 09:00 a 14:15 horas.

- Inverno: De 09:00 a 14:00 horas.

Considerarase horario de verán e inverno segundo o cambio horario a nivel estatal.

Vendedores: Poderán exercer a actividade todos os comerciantes e produtores agrícolas que posúan a correspondente autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

Vendedores: Poderán exercer a actividade todos os comerciantes e produtores agrícolas que posúan a correspondente autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

Para supostos ou eventos excepcionais por resolución da Alcaldía poderán habilitarse espazos distintos dos sinalados.

3. Postos desmontables instalados na vía pública. **Os postos terán unha ocupación máxima de 6 metros de longo por 2 metros de ancho, correspondendo o ancho ao espazo que utiliza o vendedor e o seu mostrador.** A Alcaldía poderá autorizar o exercicio da venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública, durante todo o ano. O outorgamento da licenza estará suxeito á obtención da correspondente autorización sectorial para instalar o posto.

4. Mercados ocasionais. Mediante resolución da Alcaldía fixaranse os días de celebración dos mercados ocasionais, así como o lugar e horarios de celebración destes.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

5. Camións e vehículos tenda. A venda en camións tenda con carácter itinerante polos diferentes lugares do termo municipal poderá realizarse en días laborais, das 8.00 ás 20.00 horas. A instalación de camións e vehículos tenda en mercados periódicos e ocasionais rexerá polo establecido nos puntos 2 e 4 deste artigo respectivamente.

6. Con carácter excepcional, a Alcaldía poderá autorizar a venda ambulante noutros emprazamentos con motivo de festas, acontecementos populares e celebracións especiais.

A Alcaldía poderá suspender ou modificar a data de celebración do mercado cando as circunstancias o aconsellen, ou por causa de orde pública. ”

SEGUNDO.- Publicar para o seu xeral coñecemento no tablón de anuncios do Concello de Riveira e no Boletín Oficial de la Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL, EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS LGTBIQ.

O concelleiro Sr. Pérez Barral do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data xuño de 2018 (rex entr. 28-06-2018, nº 9.914) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 28 de xuño é o Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ e aproveitamos esta data para recoller as reivindicacións dos colectivos e traelos ao Pleno da Corporación coa finalidade de darlles visibilidade e apoio institucional.

Pasou un ano desde que o PP, coa súa maioría rexeitou no Parlamento a proposta da Lei galega de Identidade de Xénero, un texto proposto polos colectivos e asumido polos grupos parlamentares da oposición, cos únicos votos en contra do PP. Actualmente estase a valorar a posibilidade de volver a presentala e agardamos que desta vez o apoio sexa unánime. Homologarnos a Asturias, Madrid, Valencia, Canarias é urxente e necesario para que as persoas LGTBIQ+ dispoñan dun marco legal que ampare as súas necesidades e se despreguen os dispositivos necesarios para dar unha atención axeitada, independentemente do lugar onde se habite no noso país. A despatoloxización debe ser prioritaria para poder avanzar cara a normalización das





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

vidas das persoas de todas as identidades sexuais, e iso só pode ser abordado desde unha lei galega.

Por outra banda instamos á Xunta de Galiza a aplicar en toda a súa dimensión a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia no que respecta aos ámbitos que nela se recollen como son o da Policía e xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e o ocio, do deporte, da xuventude e da comunicación. Normalizar, visibilizar, despatoloxizar, formar e informar son os obxectivos marcados.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte solicito:

- . Que o Concello de Ribeira visibilice o seu apoio polos dereitos e liberades afectivo sexuais e de xénero facendo un bando e colgando a bandeira LGTBI na praza do concello cada 28 de xuño.
- . Que o Concello de Ribeira realice un plan de acción cos centros de ensino para loitar contra a LGTBifobia e outro tipo de discriminacións.
- . Que o Concello de Ribeira inste á Xunta de Galiza e a todas organizacións políticas do Parlamento a:

- a) Impulsar a Lei Galega de Identidade de Xénero onde se recollan as reivindicacións dos colectivos, especialmente a despatoloxización das diversas identidades sexuais.
- b) Desenvolver e aplicar a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia en todos os ámbitos que se mencionan na mesma: da Policía e xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e o ocio, do deporte, da xuventude e da comunicación.
- c) Dotar orzamentariamente o desenvolvemento efectivo da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galiza.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 20/07/2018.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) quen dí: desde Ciudadanos apostamos:

1º. Por tramitar las Reformas legales y pertinentes para garantizar la igualdad de derechos de las personas LGTBIQ, para todas las personas trans, de manera que estas no tengan diferentes derechos según en la Comunidad Autónoma en la que residan; dichas leyes se trabajarán en coordinación con los colectivos de la defensa de los derechos de la LGTBIQ y prestarán especial atención a los derechos de las mujeres de la LGTBIQ.

2º. Desarrollar en estos proyectos la ley y protocolos específicos de educación y sensibilización destinados a atacar el problema de forma estructural y a fomentar una sociedad basada en la diversidad sexual y de género.

3º. Establecer un nuevo enfoque de la salud con perspectivas de género, que tengan en cuenta los derechos sexuales y reproductivos de las personas LGTBIQ, de forma específica establecer un modelo de salud trans.

4º. Garantizar en dichos proyectos de ley mecanismos de colaboración continúa entre las Instituciones y los colectivos que trabajan por los derechos de las personas de la LGTBIQ.

5º. Revisar los protocolos existentes, así como las medidas de concienciación y sensibilización sobre el delito de odio relacionados con el ámbito LGTBIQ, a fin de mejorar la prevención, detección y actuación sobre esto.

Como dijo Duque Billy, la democracia busca igualdad en la libertad de las personas LGTBIQ, siguen recibiendo un trato desigual, ven limitadas sus oportunidades laborales, sus oportunidades a la hora de formar una familia, de desarrollarse personalmente, y lo que es aún más grave, es que esos prejuicios y discriminación llega a manifestarse muchas veces, en forma de violencia. Esta situación tiene que ver con los prejuicios que todavía siguen instalados en la Sociedad, tiene que ver con la intolerancia, tiene que ver con la imposición de ratones de conducta única, de pensamiento dogmático, tienen que ver con el intento de coartar libertades, por todo ello, el grupo municipal Ciudadanos Riveira, votará a favor de esta moción.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: vista a proposta do compañeiro do BNG desde o grupo municipal Socialista, queremos comentar que o PSOE foi quen de promulgar as reformas en prol da igualdade entre as persoas coa Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, polo tanto, imos a votar a favor.

A concelleira Mª Esther Patiño Rey (grupo m. PP) dí: eu creo que desde o Centro de Información á muller de Riveira CIM, se ven traballando neste senso dende hai tempo en diversas actividades de igualdade, como foron as seguintes: obradoiros de autoestima e empoderamento, tocando o tema de diversidade das distintas familias que se veñen facendo anualmente nas aulas do CIM. Actividade de sensibilización do 25 de novembro donde se incluía tamén este tema. Actividades de coeducación





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

diferentes sí, iguais tamén, un traballo previo ao que os nenos e as nenas se fomentaron acerca dos contidos a tratar: desigualdades sociais, etc. Un dos vellos novos finais; actividades de contacontos donde se trataron concertos como o de desigualdade. Actividades de aprendizaxe e identidades adolescentes, en materias como: educación, efectivo sexual, entre outros temas. Contacontos para familias, o regato pequeno: temática de fomento da igualdade e da solidariedade, de respecto as diferentes, enmarcado dentro do programa municipal do Xuño da cultura e das artes. Obradoiro de psicodanza donde se traballa promover o contacto emocional e a través do movemento, cuestión moi importante para aceptar as diversidades. Obradoiro, calendarios para a igualdade. Actividade de coeducación dirixido ao alumnado donde se traballaba unha parte dos valores en igualdade. Proxecto de creación audiovisual sobre a relación de xénero, na que se involucra aos participantes en todo proceso, nunha cortometraxe que terá como protagonista a temática igualdade. Recapacita, consta dunha fase educativa en cada un dos centros participantes na que se comentan os valores como igualdade. Obradoiro sobre sexualidade coas persoas con enfermidade mental, onde se traballaron aspectos de sexualidades: sexo, sexualidade erótica, aclarando moito e explicando realidades. Axenda pola igualdade: donde se traballa có alumnado a resolución sobre as desigualdades de xénero; polo que seguindo coa liña de traballo en igualdade que se ven tratando dende o Centro de Información á Muller deste Concello, dende a súa apertura sobre a temática das desigualdades e estereotipos, tanto no seu amplo concepto como do colectivo específico LGTBIQ+ e que enmarca dentro do eixe de actuación 7 donde se fan actuacións de igualdade, educación, efectivo sexual, e diversidade.

O grupo municipal do PP se compromete á adopción das seguintes propostas solicitadas: O Concello de Riveira visibilizará apoiando os dereitos e liberdades afectivo sexuais e de xénero poñendo un bando e colgando a bandeira LGTBI na praza do Concello cada 28 de xuño. Seguiremos coas actividades de igualdade, traballando as diversidades en todos os seus amplos conceptos, incluídos estes colectivos e o 28 de xuño cada departamento do Concello expoñerá nos seus taboeiros os dereitos dos colectivos LGTBI, dacordo có artigo 13 da Lei 2/2014 do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Podría seguir nombrando actividades que se fan ao respecto para conseguir esa igualdade que é o que se pretende. Tamén lle podo dicir que esa Lei á que vostede fai mención na Xunta de Galicia, bueno, na súa moción dí que foi desbotada polo Parlamento pola falta de consenso que se xerou o seu texto entre os propios colectivos, xa que algunhas Entidades trans non se sentiron identificadas con ela. Tamén lle podo dicir Sr. Barral, pois, todas as actividades que se están facendo dende a Xunta, si quere léollas. Eu digo que sí, hai que seguir facendo mais cousas pero dende logo penso que se está traballando nesa Lei e se están facendo as cousas como teñen que seguir facéndose.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Para terminar, voulle a decir a colaboración e financiamento das Asociacións que dende a Xunta se fai a estes colectivos LGTBI: servizo de apoio LGTBI, formación dos corpos e forzas de seguridade que se están facendo dende a Xunta, medidas no ámbito da xustiza, medidas no ámbito laboral, medidas no ámbito familiar, e medidas de prevención a favor da visibilidade deste colectivo, creación da unidade de referencia de atención á transexualidade para o caso dos menores, e seguiría así.

Eu creo que debemos de informarnos un pouco máis das actividades e cousas que se están levando a cabo, e non lle vou a decir que ao mellor sexan suficientes pero polo menos estase facendo unha gran axuda neste tema.

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) en termos de réplica dí: dende o BNG non nos parece mal ningún tipo de obradoiro, traballo, e actividades que se están realizando dende o CIM. Nós creemos que as traballadoras e traballadores que están nese departamento están facendo un bó traballo no referente a igualdade.

O sentir desta proposición era visibilizar, mais aínda se cabe, que Riveira é un Concello tolerante que promove tamén a igualdade de dereitos para as persoas LGTBI e así o queremos demostrar facendo tamén actos simbólicos, que moitas veces son precisos para que tamén outra xente visibilice que o Concello está traballando nese eido, nese sentido por eso dende o BNG este ano decidimos colgar a bandeira LGTBI na praza do Centenario e estivo ahí durante unha semana.

Nós sen menosprezar este tipo de traballo que, como ben digo, parabenizamos ás traballadoras do CIM por todas estas actividades, sí queríamos centrar o que sería unha campaña, por iso poño aquí etse punto número 2 de realizar un plan de acción cos centros de ensino un pouco máis desligado do que é a igualdade de xénero ou calquer outro tipo de actividades paralelas.

Creo que sí se debería facer unha campaña específica só con este tema porque sí é verdade que fai falla moita igualdade de xénero, moita educación en igualdade pero tamén é preciso obradoiros, actividades, e sobre todo, obradoiros prácticos para a mocidade que necesita esta información, sobre todo, nun período na súa vida na que están non só con cambios físicos senon tamén mentais e afectivos, entón, o sentir do punto nº 2, é crear ou desenvolver unha campaña específica, única exclusivamente neste eido, que permitise darlle máis información á mocidade.

Despois, por outra banda, o número 3, queríamos que a Xunta impulsase a Lei galega de liberdade de trato porque cando se aprobou esta Lei había un punto onde se recollía un apartado sancionador, que foi desbotado porque o PP non quería que esa Lei tivese un apartado sancionador. Nós creemos que eso é unha eiva que ten a Lei pero aínda así a Lei pódese desenvolver moito máis, pódese aplicar e cremos que en maior medida.

Por último, decir, que a Xunta de Galicia no dubido que teña ao mellor campañas específicas para traballar no ámbito LGTBI pero quero lembrar, como os





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

centros querote, antes si cumprían unha función única e exclusivamente de información e apoio ao afectivo sexual e despois como que se desvirtuou ese inicio dos centros LGTBI onde ahí xa se da información á mocidade de calquer tipo, tamén información relativa á seguridade viaria, etc.

Nós creemos que si debe de haber campañas específicas e centros específicos solo para esta temática, porque creemos que é necesario para evitar calquer tipo de discriminación ou agresión, que sería o apartado mais grave de todo tipo de discriminacións. Entón, agradecéndolle esa información que nos trasladou a Sra. Patiño, remato a miña intervención.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que entendín que presentaba unha emenda, non comentou nada, entón non hai emenda presentada.

Simplemente decir que eu considero que as campañas específicas son compatibles con que calquer medida que se tome ten que ir dentro do que é o Plan de igualdade porque ao final é eso é educación en igualdade.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Pérez Barral, relativa ao apoio ás reivindicacións dos colectivos LGTBIQ, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 20/07/2018, por unanimidade dos seus membros, acorda:

. Que o Concello de Riveira visibilice o seu apoio polos dereitos e liberdades afectivo sexuais e de xénero facendo un bando e colgando a bandeira LGTBI na praza do concello cada 28 de xuño.

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 24 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

. Que o Concello de Riveira realice un plan de acción cos centros de ensino para loitar contra a LGTBifobia e outro tipo de discriminacións.

. Que o Concello de Riveira inste á Xunta de Galiza e a todas organizacións políticas do Parlamento a:

- a) Impulsar a Lei Galega de Identidade de Xénero onde se recollan as reivindicacións dos colectivos, especialmente a despatoloxización das diversas identidades sexuais.
- b) Desenvolver e aplicar a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia en todos os ámbitos que se mencionan na mesma: da Policía e xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e o ocio, do deporte, da xuventude e da comunicación.
- c) Dotar orzamentariamente o desenvolvemento efectivo da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galiza.

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, INTERESANDO MELLORAS NO PORTO DE RIVEIRA.

O concelleiro Sr. Vilas Álvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 13 de xullo de 2018 (rex entr. 14-07-2018, nº 10.608) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ribeira pasa por ser o Porto de baixura mais importante da UE (Unión Europea), cunha grande actividade portuaria e pesqueira.

Esta situación debería interpretarse como unha fortaleza que permita presentar a Ribeira como santo e seña dunha cidade con gran potencial no sector pesqueiro, así como unha extraordinaria cidade en actividade extractiva e marisqueira, cun produto de calidade contrastada, e organización portuaria.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Polo tanto, obviase valorar o rédito social e económico que o sector productivo do mar significa e significóu para o desenrrolo da cidade ata hoxe en día.

Compre sinalar que a defensa do noso sector mais representativo, non se fai acertadamente desde esta institución da que formamos parte.

O Consello Local de Pesca non resolve os problemas existentes no sector, a prol dunha actividade e pesca sostible, e dunha boa calidade de vida na área portuaria.

Dentro das decisións políticas que esta corporación pode tomar, esta a de poñer sobre a mesa correspondente, as deficiencias observadas e patentes da situación da pesca artesanal, do marisqueo, e/ou da pesca de altura, e como non da situación portuaria.

Nestes días observamos como impunemente se realizaron diversos actos vandálicos dentro do recinto portuario, concretamente en varias embarcacións de pesca, ocasionando importantes destrozos e perxuízos económicos aos perxudicados.

Un Porto ben ordenado, e obxectivamente planificado, supón un instrumento xerador de riqueza para os seus usuarios, ademais de garantir a seguridade na actividade mariñeira diaria, e futura.

Polo exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE, presenta o Pleno a seguinte proposición:

- 1) Que o alcalde do Concello xestione, perante Portos de Galicia a ampliación do muelle de atraque (pantalán) para as descargas diarias da flota artesanal na lonxa.
24 metros de pantalán son moi escasos para 400 embarcacións menores, agravadas ditas tarefas coa marea baixa, como se percibe na foto, tendo que usar a ponte do barco, como punto de apoio para efectuar a descarga do peixe.
- 2) Que o pantalán colocado actualmente, dificulta enormemente a carga de xeo dos barcos de cerco pertencentes a entidade instalada no porto pesqueiro, polo que Vd. debe instar a Portos de Galicia a idoneidade do cambio de sentido do mesmo.
- 3) Instar a Portos de Galicia ao arranxo dos pantaláns rotos da dársena portuaria, e a reparación das tomas de luz e auga; así como das pechaduras das portas de acceso, dacordo coas normas de contro e seguridade dos portos que pertencen a UE.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

- 4) Instar a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a facer o reparto das zonas de libre marisqueo, entre as Cofradías de Palmeira, Ribeira e Aguiño; e tamén instar a facer rentable as pesquerías, mediante vedas e ciclos produtivos adecuados.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR) quen dí: o noso grupo IPdeR vamos a apoiar esta moción porque continuamente no Porto estamos vendo que hai moitos desperfectos, moitos roubos e seguridade sobre todo para os mariñeiros.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) dí: en el pleno de abril, nuestro grupo municipal Ciudadanos presentó una moción que fue aprobada por unanimidad, solicitando instalación de pantalanes para las embarcaciones pequeñas, tomas de luz y agua, vestuarios, adecentamiento de las chabolas, por lo que, votaremos a favor de esta moción también para dar nuestro apoyo a todas las necesidades del sector del mar.

A concelleira Mª Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) dí: coincidimos en que o Consello Local de Pesca ten que ser un ente mais dinámico e participativo na exposición de problemas que ten o sector, ten que ser un medio de transmisión para informar ás Entidades correspondentes que teñen que solventar ditos problemas.

Tamén é certo que as instalacións portuarias do Concello de Riveira son un desastre, teñen unhas malas sinalizacións, un mal firme, e unha serie de deficiencias grandes. Para o porqué das deficiencias que vostede expón, tendríamos que ter en conta a construción da nova lonxa, non solo supuxo a destrución do medio productivo marisqueiro senon que a súa mala ubicación trae problemas considerables como son os que expón no primeiro punto.

Os peiraos de atraque son escasos para unha flota de baixura tan grande e son necesarios mais pantaláns para a descarga, polo que é necesario un estudo onde se vexa a posibilidade de colocar ditos pantaláns coa seguridade de que o primeiro temporal non os destrúa. Estes pantaláns non podrán ser de hormigón, pois, alteraría novamente á produción marisqueira da zona que xa sufriu moito coa construción da nova lonxa.

Tamén coincidimos que hai moitos roubos no porto, no peirao de Riveira, que causan un mal económico grande aos barcos que o sufren. Neste punto, deberíamos aumentar o persoal de vixilancia dentro do recinto portuario.

Con respecto ao 4º punto, aquí ou nos mollamos ou non nos mollamos, Sr. Vilas, o punto que expón é demasiado importante como para non poder levar unha





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

moción propia, tanto para as zonas de libre marisqueo como para as pesquerías, é dicir, cada un dos puntos debería ser unha moción.

Con respecto as zonas de libre marisqueo, teríamos que ter en conta varios aspectos: primeiro, que sería libre marisqueo?, é dicir, que calquer mariscador cun permex pode traballar, polo tanto, unha zona de todos pasaría a privatizarse; un segundo punto sería, que pasaría con aquel mariscador que solo ten un permex e se lle cerra a concesión de marisqueo na súa Cofradía, que son moitos meses, se non hai zonas de libre marisqueo para poder seguir traballando, que faría?; e despois nun terceiro punto, debíamos preguntarnos porqué estas zonas de libre marisqueo non son cultivadas, nin vixiadas por parte da Consellería, cando esta comprometeuse moitas veces a rexeneralas.

Podríamos tamén preguntarnos porqué se constrúe encima das zonas de produción marisqueira sin ter en conta o perxudicial que esto resulta para as mesmas, como poden ser as obras do AVE nos Lombos do Ulla.

Polo tanto, Sr. Vilas, nós emendaríamoslle o 4º punto. A emenda sería: Instar ao Sr. Alcalde, a convocar un Consello Local de Pesca coa asistencia da Conselleira de Pesca para que nos dea unha explicación de como afectaría a cesión do libre marisqueo ás Confradías e porqué as vedas e os ciclos productivos non se corresponden, facendo pouco rendibles as pesquerías.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que antes de darlle a palabra á Sra. Pouso, simplemente dicir que a Lonxa está feita do relleno que levaba moitos anos. Non se fixo un relleno para facer a Lonxa, senon, había dous sitios onde podía ir, os dous estaban construíndo, polo tanto, a Lonxa non afectou a ningún banco marisqueiro nin nada de nada, se fixo donde había espazo, lle gustará mais ou menos pero non afectou absolutamente a nada. Ese recheo donde está o Náutico leva moitos, moitos, anos feito, non é cuestión de agora.

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: Sra. Sampedro, unha vez mais, o BNG ven a mostrar o propósito de avance que ten para o país e para as importantes infraestruturas, en fin, é a visión que vostedes teñen, é a posición que vostedes teñen, que todo o que implique progreso para vostedes sempre supón danos irreparables ao medio, pero o certo é que hoxe en día hai infraestruturas en marcha que xeneran moitísimos mais beneficios que danos ou perxucios ocasionaron ao medio, e non hai mais que ir á zona de Noia, á zona da ría de Arousa, e mire alí como é a produción da ameixa ou como é a produción de peixes e mariscos, pero alá vostedes coas súas ideas.

Ben, por parte do grupo Popular, evidentemente, preocupápanos o estado do Porto de Riveira, e preocupápanos porque sabemos que a actividade marítimo pesqueira, na nosa cidade ten unha importancia vital a nivel económico e a nivel de xeneración de emprego.

O que facemos por parte do noso grupo e estando dacordo en moitos dos puntos, sin entrar a profundizar porque Sr. Vilas, había moitos cousas que lle





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

podríamos aquí dar a volta e rebatirlas que tampouco son as cousas como vostede as plantexa, e si vendo necesidades e vendo demandas e vendo que realmente hai moitas actuacións por levar a cabo para mellorar e que é mellorable a situación que temos actualmente, nós consideramos que quen mais sabe desta cuestión, pois, é o sector que está vinculado con toda a actividade marítima que ahí se desenvolve tódolos días.

Entón a nosa emenda vai orientada a apoiar todas aquelas demandas dirixidas á mellorar os servizos do porto de Riveira, que se efectúen dende a Confraría de Pescadores de San Pedro e interceder, intermediar con Portos de Galicia para que lles den cumprimento a todas esas melloras que están demandando.

Apoiar tamén as demandas das tres Confrarías do noso municipio en relación ao reparto das zonas de libre marisqueo; pero, ahí lle especificaba a Sra. do BNG, Sra. Sampedro, que é un tema que si merecería un tratamento mais minucioso e mais polo miúdo e si é de libre marisqueo, pois, efectivamente, seguramente non se podría adicar solamente as nosas Confrarías, evidentemente, a nós téñenos que interesar e témonos que preocupar polas do noso municipio pero certo é que é unha cuestión que se teñen que plantexar en vías de solución en outros ámbitos.

Fala vostede tamén, nese 4º punto de instar a facer rentable as pesquerías mediante vedas e ciclos produtivos adecuados, Sr. Vilas, volvo a repetirlle, quen mais sabe desto son os traballadores do mar, quen mais sabe desto son os que levan toda a vida no mar, e curiosamente os que levan toda a vida no mar non capaces de entender como poden establecer a veda dunha especie xusto cando, non cando esa especie está desovando senon en outro momento do ciclo vital desa especie, có cal, si capturamos especies antes de que desoven, xusto cando lles falta pouco para desovar, evidentemente, estamos perxudicando o mantemento ou sostenemento desa pesca sostible. Solucións: que se teña en conta a opinión do sector, evidentemente, eu creo que aquí incluso se podría dar un paso mais alá; eu lanzaría un paso mais alá a traballar en conxunto das Universidades, e esos biólogos que collan a experiencia marítima no traballo do día a día indo neses barcos ao mar, porque ahí é onde realmente vemos os problemas que hai e sería unha maneira de darlle luz a esas cuestións para que se den de bruces ca realidade, e a realidade é tozuda e se encarga de desbocar moitas veces aquilo que os Técnicos pintan sobre o papel e que logo vemos que na realidade, pois, pola xente que ten a experiencia de tódolos días no seu traballo nos demostra que non é así.

Polo tanto, eu ínstolle a que admitan esa emenda e que vaiamos da man do sector, e colaborando có sector e que vaiamos incluso mais alá, apoiando tamén e apostando tamén porque eses Técnicos estén traballando codo con codo directamente có propio sector, para que vexan o que hai na realidade do día a día desas especies e dese traballo no mar.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

=====

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) explica que o seu grupo ten presentada unha **emenda de substitución** de data 27 de xullo de 2018 (rex entr. 27-07-2018, nº 11.140), relativa á proposición do grupo m. PSdeG-PSOE en relación a melloras no Porto de Riveira, redactada da seguinte maneira:

“Apoiar cantas demandas dirixidas á mellora dos servizos do porto de Riveira efectúen a Confraría de Pescadores San Pedro de Riveira e interceder ante Portos de Galicia para que se lles dea cumprimento.

Apoiar as demandas das tres Confrarías do noso municipio (Riveira, Aguiño-Carreira e Palmeira) en relación ao reparto das zonas de libre marisqueo.”

=====

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: eu creo que estos 4 puntos que recolle a nosa proposición, en propostas e demandas das 3 Cofradías que temos aquí no noso Concello.

Tamén se recollen as opinións do sector e incluso, vou mais alá, estas reivindicacións levan dende diciembre do 2014 e vai pasando por varias preguntas, ruegos, para levar a cabo o tema. Eu pola miña parte me manteño nos 4 puntos que solicitamos aquí.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o día 17 deste mes estivo aquí a Conselleira, estivo o responsable de Portos, estiveron o responsable da Cofradía de Riveira, estivo o Alcalde, e repasamos absolutamente todos os problemas que ten Portos.

Non coincido có que dí vostede, de que no que propón sexa precisamente o que a Cofradía pide, hai algunhas cuestións que vostede dí, como cambiar o pantalán e deposición no que é o entorno e o frigorífico da Cooperativa que non mantiñan esa postura. A postura da Cofradía era dobre, por unha parte, ampliar ese pantalán, que se vai a ampliar agora en 12 m., pero a postura era poder desembarcar a pesca noutros puntos do Porto, porque según a orden que iba a rexir a descarga portuaria iba a ceñirse a lugares tan concretos, pois, que facía practicamente inviable a descarga nun periodo de tempo relativamente corto; polo tanto, esa é unha demanda que era poder descargar noutras rampas, noutros lugares, despois xa virá o acordo có responsable da lonxa do traslado do peixe; ampliar a demanda do pantalán, cousa que tamén se comprometeu a Conselleira; e se comprometeron a algunha cousa mais, que era a





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

ampliación dos atraques e do cambio de tódolos pantaláns de Portos, nese sentido poder diferenciar o que eran as listas da 3ª e a 7ª; e a ampliación na zona donde está a gasolinera; ampliar outro pantalán mais no que é a zona cercana á rambla; se comprometeu á instalación de grúas, puntos de luz e auga; e unha cuestión que non se comprometeu pero se dixo que se iba a estudar, que era a vixiancia nocturna, de todas formas, nós, sempre ofrecemos o cargo ao que son as cámaras de tráfico que tamén se podía poñer algunha mais mirando cara ao mar, o que pasa que xa sabe, cada duas por tres nos denuncian de que as cámaras non poden ser, cando as de tráfico están regularizadas, polo tanto, o expediente para nova cámara tampouco é tan fácil; pero todo o que vostede pide, foi tratado na reunión e moito está en visos de solución, por eso, para que non houbera ningún tipo de discrepancia entre o que pide o sector e o que pedimos aquí, por eso, a Sra. Pouso presentou esa emenda de substitución que é: apoiar as demandas dirixidas á mellora dos servizos do porto de Riveira que efectúen as Confrarías e interceder ante Portos de Galicia para que se lles dea cumprimento. A segunda; apoiar as demandas das tres Confrarías do noso municipio en relación ao reparto das zonas de libre marisqueo.

Vostede está falando de reparto; de reparto entendemos que deixan de ser zonas de libre marisqueo para depender dalgunha Cofradía, entón, lóxicamente eso tampouco se podría facer actualmente nun ámbito solo reducido ao de Riveira, tendría que ser toda a ría. Aquí hai unha cuestión que sempre marcou, digamos, as negociacións, que na outra parte da ría non hai libre marisqueo, entón, dalgunha forma tería que regular para que o beneficio non fora solo desas Cofradías, senon da xente que se ven beneficiando do libre marisqueo. Eu son partidario de que alguén as xestione, o libre marisqueo o que está facendo é que zonas sexan moitísimo menos productivas que as que directamente levan e xestionan as Cofradías, polo tanto, eu creo que é bó, que as Cofradías xestionaran esas zonas pero á vez hai un dereito doutra xente que non se pode limitar a que os de Riveira van a levar, que ao final terían problemas igual cos de Palmeira e os de Aguiño porque Riveira está no medio. Entón, eu creo que o normal é que mandemos o plantexamento xeral que teñen as Cofradías no asunto do libre marisqueo, que non ten porqué ser necesariamente o reparto, e senon outro tipo de xestión dese libre marisqueo, é por eso, polo que presentamos esa emenda.

=====

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución da Sra. Pouso Maneiro do grupo m. PP, de data 27 de xullo de 2018 (rex entr. 27-07-2018, nº 11.140), relativa á proposición do grupo m. PSdeG-PSOE en relación a melloras no Porto de Riveira,

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 31 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

A) Votación sobre “Sustitución da proposición do concelleiro Sr. Vilas Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE), quedando redactado da seguinte maneira:

Apoiar cantas demandas dirixidas á mellora dos servizos do porto de Riveira efectúen a Confraría de Pescadores San Pedro de Riveira e interceder ante Portos de Galicia para que se lles dea cumprimento.

Apoiar as demandas das tres Confrarías do noso municipio (Riveira, Aguiño-Carreira e Palmeira) en relación ao reparto das zonas de libre marisqueo.

-Votos a favor: doce (12) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita M^a José Brión Díaz).

-Votos en contra: nove (9) votos (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a Dolores Elorduy Callón).

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por maioría absoluta dos seus membros.

Polo tanto:

PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, INTERESANDO MELLORAS NO PORTO DE RIVEIRA.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 20/07/2018, **por maioría absoluta dos seus membros, acorda:**





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Apoiar cantas demandas dirixidas á mellora dos servizos do porto de Riveira efectúen a Confraría de Pescadores San Pedro de Riveira e interceder ante Portos de Galicia para que se lles dea cumprimento.

Apoiar as demandas das tres Confrarías do noso municipio (Riveira, Aguiño-Carreira e Palmeira) en relación ao reparto das zonas de libre marisqueo.

8.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, EN RELACIÓN Á PROTECCIÓN DAS VIVENDAS E OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, presenta moción en nome deste grupo, de data 10 de xullo de 2018 (rex entr. 11-07-2018, nº 10.502) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado outono a vaga de lumes que afectou a Galicia arrasou 50.000 hectáreas de monte, queimou vivendas e provocou a morte de catro persoas. É unha situación que non debe repetirse e para a que hai que adoptar as medidas de prevención necesarias.

O Plan de Prevención e Defensa contra Incendios de Galicia (PLADIGA 2018), aprobado polo Consello da Xunta o pasado 19 de abril establece que desde o pasado día 31 de maio todos os núcleos de poboación galegos deben ter ao seu redor un cinto de protección de 50 metros rozado e sen presenza de piñeiros, eucaliptos ou acacias nos 30 primeiros metros. En estradas, a ambos lados ten que existir tamén unha faixa de 10 metros sen piñeiros nin eucaliptos, unha distancia que se reduce a 4 metros en pistas forestais.

Os propietarios dos montes e os titulares dos dereitos de aproveitamento dun terreo forestal son os responsables de cumprir coa normativa vixente de prevención de incendios, entre outras, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Máis esta responsabilidade compete tamén ás administracións públicas, tal como se establece no capítulo VI da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento aos Orzamentos). Con carácter xeral, os

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 33 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Concellos son as administracións encargadas de controlar o cumprimento das faixas de protección en torno a núcleos de poboación e edificacións illadas, en tanto a Xunta é a responsable de vixiar as vías de comunicación. A Consellería do Medio Rural publicou o pasado 7 de maio no DOG a Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, nas que precisa as competencias, o procedemento sancionador e a execución subsidiaria dos traballos por parte das administracións públicas.

Os Concellos son as administracións competentes para vixiar o cumprimento das franxas de protección contra o lume en solo rústico, urbanizable ou de núcleo rural. En torno a vivendas e núcleos de poboación, a normativa obriga a manter 50 metros libres de mato, 30 sen arborado, se ben pode haber desde os 7 metros froiteiras e desde os 15 frondosas caducifolias (castiñeiros, carballos, etc.) cunha separación mínima de 7 metros entre cada pé.

En núcleos de poboación e edificacións illadas, en caso de que un propietario notificado sobre un incumprimento da normativa non corrixa o problema, serán os Concellos as administracións competentes para proceder á execución forzosa dos traballos, en tanto que corresponderalle á Xunta de Galicia o procedemento sancionador paralelo.

A Xunta de Galicia será a competente para vixiar o cumprimento das faixas de protección en torno a vías de comunicación. Con carácter xeral, a lexislación establece que as estradas deben manter unha faixa lateral de 10 metros sen piñeiros nin eucaliptos, en tanto as frondosas caducifolias deben estar afastadas alomenos 4 metros. É tamén a Xunta a competente para sancionar e retirar plantacións ilegais en terras agrarias.

Nos seus 68,83 quilómetros cadrados Ribeira conta con 9 parroquias rurais e 83 núcleos de poboación nos que o Concello é o responsable de vixiar o cumprimento da normativa en relación ás faixas de protección contra incendios forestais.

A estratexia a seguir de cara ao futuro, segundo as recomendacións da Dirección Xeral de Producción e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, pasa polo deseño de plans municipais de defensa contra incendios forestais, nos que se deben delimitar esas faixas de protección en torno aos núcleos de poboación, as vivendas illadas e as vías de comunicación.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Rematado o prazo do 31 de maio fixado no Pladiga 2018 para o cumprimento das faixas de protección contra incendios forestais e co obxectivo de evitar no posible a incidencia dos lumes no termo municipal de Ribeira, o Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido da Cidadanía propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno Municipal a asumir as súas responsabilidades e competencias en relación ao cumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
2. Instar ao Goberno municipal a delimitar as faixas de protección legalmente establecidas en torno aos núcleos de poboación, as vivendas illadas e as vías de comunicación e vixiar o seu cumprimento efectivo.
3. Instar ao Goberno municipal a solicitar a colaboración técnica e económica da Xunta de Galicia para levar a cabo estas tarefas, tal como se establece na propia Lei 3/2007.
4. Instar ao Goberno municipal a aprobar un plan municipal de defensa contra incendios forestais que contemple, con carácter prioritario, a protección de vivendas e núcleos de poboación.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: non debín de xubilarme porque dende logo antes se cumpría a Lei moito mellor que agora, Sr. Alcalde.

Eu creo que aquí nesta proposta do Sr. Cardalda, faltan ao mellor, supoño que é un pouco xeral para toda Galicia ou me da a min a sensación, sin defender á Xunta de Galicia vou a decir: está no Goberno municipal asumir as suas responsabilidades e competencias.

Eu decía públicamente que a pesar de estar xubilada ven moita xente a falar connigo, non podon decir o número exacto das comunicacións que se mandaron aquí, da oficina de Medio Ambiente para que limparan as leiras e cortaran os árbores que estaban cerca das leiras, eu o sei porque viñan a falar connigo. Hai un problema que





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

tamén temos que ser realistas, hoxe é moi difícil limpar as leiras e os montes porque costa moitos cartos, e moita xente é maior e xubilada, os montes deixaron de ser aquela Caixa de aforros que tiñan antes e se ven con verdadeiros problemas, pero tamén quero dicir aquí outra cousa, para cortar árbores sean os que sean como para plantar árbores por eso me extrañaba o das fincas de apicultura hai que pedir permiso á oficina forestal que está en Noia, e ven un Técnico ou un Axente forestal, mira e é él o que marca o que se pode cortar, o que se pode podar e incluso o que se pode plantar cando se está falando de facer plantacións. A partir desto hai xente que, efectivamente, pode facer eso, incumplir, e entón, despois caelle a multa e terá que falar con alguen para que ya quite, quero dicir, que as dúas oficiñas que eu coñecía están funcionando a estos niveles bastante ben, e este ano dúas leiras ao redor da miña casa recibiron unha notificación e tiveron que ir a limpar.

Hai outra cousa, a min me falta un punto, xa sei que ao mellor algúns vanme a dar, pouco podemos pedir de que cumplan nestas fotos que marcas, que tes toda a razón do mundo, cando vamos pola praia de Coroso e teñen a mesma execución, agora non lle pidas a este que faga esto cando ti non cumples así que por favor poñer unha realidade. Algo habrá que buscar e facer un recurso nese sentido.

Colaboración técnica e económica da Xunta de Galicia, non sei si realmente o Concello a ten, agora eu creo que había que buscar algunhas políticas con algunhas subvencións ou algo que axudara ás persoas ou empresas como había antes que se dedicaban a limpar os montes.

A separación existe dende fai moito tempo, incluso sin cumprimento co riesgo dos incendios cando un vai a facer unha plantación, sexa de pinos, sexa de eucaliptos, ou sexa de árbores autóctonos, ten que pedir permiso e xa lle marcan unha distancia que é de vulnerable cumprimento ao muros e as vivendas, eso é o que fan as oficinas, polo tanto, recalcar que se faga o cumprimento, que se lle de posibilidade ás persoas que están así e ao mellor informar ou facer mais propaganda de que hai unha Lei que procese de que hai que cumplila, pois, sería unha boa cousa. Eu pododo falar de casas que están aquí cerca do Concello que sí recibiron notificacións xa fai anos e tiveron que cortar os árbores, e significa encontrar a alguen que queira cortar un árbol, eu tiña un árbol que se estaba caendo, que estaba podre e tuven que pedir un favor, e era un peligro porque iba a caer ademáis encima dunha nave industrial pero eu non era capaz de cortalos.

Sr. Alcalde, nós vamos a votar a favor no sentido que sabemos que se están facendo cousas, que se levan comunicacións e todas esas cousas, creemos que falta darlle moita mais información á xente dalgunha forma, que teñen que manter as leiras limpas, que desde que non hai animais, Sr. Alcalde, nin se potencia, o problema é que crecen as herbas e as silvas, os regatos tampouco non se limpan e eso se convirte en maleza.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: nós non temos moi claro que o Goberno municipal teña que asumir estas responsabilidades.

Según o artigo 14, o Plan de prevención e defensa corresponde á Consellería de Medio Ambiente da Xunta.

Según o artigo 16, os Plans municipais e prevención e defensa contra incendios, será establecida pola Consellería e competencias forestais, non sei si eso está realizado, consideramos que non.

Tamén o artigo 16.4, elaboración, execución e actualización do planeamiento municipal, ten carácter obrigatorio; pero bueno, vamos a esperar a intervención dos outros grupos para poder emitir despois o noso veredicto.

Quixéramos tamén comentar que no punto 2, sobre as vías de comunicación, será nas de titularidade municipal, nas outras lle corresponderá ao Organismo titular respectivo, non ten que ser en tódalas vías de comunicación.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: bueno, Sr. Cardalda, vostede sabe que recentemente o meu grupo rexistrou unha solicitude neste pleno, que o que pedíamos precisamente era o cumprimento e limpeza das faixas de protección que marca a Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, polo tanto, en principio estamos dacordo coa súa proposición e ímoslle a votar a favor.

Quería decirlle, Sra. Rosa, que comparar as herbas que hai en Coroso onde está a pílara que vostede sabe perfectamente que traballou na Consellería de agricultura que é unha zona protexida, cunha zona a rozar polos incendios, non temos novas, creo que neste pleno ningunha, dos incendios tan graves que hai en Coroso na praia por culpa da pílara.

Por favor, non mezclemos unhas cousas cas outras porque nós neste pleno debemos de facer pedagogía sobre o cumprimento da natureza e a súa protección.

A concelleira Elvira Pereira Ageitos (grupo m. PP) dí: totalmente de acordo con Vd, Sr. Cardalda, que todas las medidas que se tomen son necesarias.

Sr. Vilas, yo creo que el Sr. Cardalda se refiere a los caminos que son de competencia municipal.

En principio le voy a informar, si no le importa, de las actuaciones que le competen al Concello en materia de prevención en las zonas de dominio público y de titularidad municipal.

Contamos con dos máquinas espirales que están trabajando constantemente, todos los días, desbrozando caminos. También contamos con 4 trabajadores municipales que hacen la limpieza de los caminos a donde no puede acceder la máquina; 5 peones que entraron del RISGA; más 2 peones forestales del Plan de colaboración de prevención de la Xunta. Contamos también de la Consellería, con una brigada compuesta de 8 personas: 5 brigadistas y 3 motobombistas, que hacen labores





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

de prevención, de vigilancia, y limpieza, y luego con el grupo de apoyo de emergencia con el GAE.

El Concello en relación a los propietarios, como bien decía la Sra. García Pose, se dictaron bandos que se colocaron en distintos lugares del Concello de todas las parroquias, avisando de las obligaciones recogidas en la Lei 3/2007. Se notificó a muchísimos propietarios, fíjese en 2 meses se hicieron 183 notificaciones por un solo Técnico municipal. En algunas propiedades de una cierta relevancia y tamaño, como pueden ser la de Barreras, la finca de la Soledad, a parte de las notificaciones que se le nombraron, se le llevó personalmente porque toda la masa forestal que tienen algunas de ellas, es un tipo de árboles como puede ser las acacias que el fuego, o que son muy propensas y dada la situación en donde está la ubicación de estas parcelas, pues, este tipo de árboles son muy peligrosos.

Existe dificultad para tramitar alguno de los expedientes dada la lentitud del procedimiento, por ejemplo: hay que notificar a los propietarios, recordando sus obligaciones, cuando no se puede contactar o identificar a las personas, las dueñas de las debidas parcelas, porque hay terrenos que están a nombre de 4 o 5 generaciones anteriores a los que las tienen ahora, tenemos que notificarlo y si no conseguimos darle la notificación se tiene que anunciar en el DOGA, la necesidad también de contratar el trabajo y luego la necesidad de aprobar el gasto en Intervención. Con pocos medios humanos como tenemos, un solo Técnico municipal y la dificultad de encontrar en este momento empresas que den este tipo de servicio ya que tienen muchísimo trabajo, ustedes pueden ver la cantidad de fincas que se están limpiando, la gestión se hace mas dificultosa.

En cuanto a las parcelas propiedad del Concello, se contrató a una empresa externa, nosotros con los obreros municipales no éramos capaces de limpiarlas, dada la problemática de algunas parcelas, se priorizó por las que podían causar mas trastorno, por ejemplo, en San Roque, detrás de las casas de Friones y del Colegio García Bayón, ahí se limpiaron 2 ha, porque estaban pegadas a las casas. Detrás de las viviendas de protección oficial en la Conlleira, se limpiaron unas parcelas que estaban cerca de un depósito de gas y a parte se hizo la apertura de un camino, que estaba obstruido desde hace años, para que tuvieran salida por un lado y por otro; entre otras muchas que se limpiaron del Concello, le pongo un ejemplo de estas dos.

Es cierto que nos encontramos con un Plan de prevención de incendios, algo fundamental para la aplicación de la Ley 3/2007 ya que nos permitiría diferenciar realmente la franja de protección en los caminos de competencia municipal. Nos adelantamos a su petición Sr. Cardalda; el Concello mandó varios escritos, mire, desde el 2015 a la Consellería de Medio Rural, en el sentido de que estima favorable un convenio de colaboración de prevención y defensa contra los incendios forestales o bien se sirvan a contratar directamente los trabajos de redacción de este Plan municipal, ellos mismos lo contratan si lo consideran oportuno con una empresa





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

externa; y seguimos en la línea de volver a instar a la Consellería si a usted le parece bien.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de réplica dí: antes de nada contestarle a la Sra. Pose, vostede comenta da xente maior, dos cartos, eu entendo todo eso pero tamén entendo que as Leis están para cumplilas gústenos ou non.

Sr. Vilas, dí vostede, por suposto que me refiero ás vías municipais.

A nosa preocupación en especial é polas zonas das vivendas e os lugares poblados, en especial; senon tomamos medidas logo chegan as desgracias e votamos as mans á cabeza todos.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, Sr. Cardalda, eu entendo que vostede o que está pedindo é sempre falando con relación ao que decía o Sr. Vilas, sobre que cumpramos as nosas competencias, polo tanto, totalmente dacordo porque creo que o estamos facendo.

O punto terceiro, simplemente, eu lle pediría que en vez de solicitar porque xa llo solicitamos varias veces, sería reiterar esa solicitude ante a Xunta de Galicia; pero decirlle unha cousa, este ano tódolos Concellos nos vimos un pouco sorprendidos porque é o primeiro ano do cambio lexislativo, donde se nos esixen unha serie de cuestións que despois non nos da tempo nin posibilidades a poder levalas a cabo, que é esa posibilidade que nos dan de intervir en fincas alleas, porqué?, porque nestos momentos se xenerou tal e tal demanda, que é dificilísimo encontrar collas que corten árboles, imposible, e de limpeza moi difícil.

Eu creo que este é un ano de transición, eu creo que se ve moito mais limpo os montes e as leiras que outros anos e, efectivamente, a tódolos Concellos, non solo ao noso, nos colleu un pouco non desprevenidos pero si imposibilitados de levar adiante todo esto. Lle poddo decir, hoxe mesmo, volvíamos a reiterar os eucaliptos que hai en Dean, cerca do coñecido como o poblao, e levamos intentando cortalo xa mais de mes e medio e aínda non fomos capaces, con eso quero decir que está retrasando moito.

Árbores cerca dos núcleos, cada vez hai moitísimos menos, é verdade que hai moitas zonas que todavía teñen moita broza, o peligro é moito menor, pero sigue habendo.

Entón, eu creo que é bó aprobar a súa proposta porque está no ánimo noso o intentar seguir mellorando, poder levalo a cabo, eu sin duda creo que para o ano que ven coa experiencia, primeiro que a xente está moitísimo mais avisada, o mesmo problema que ten o Ayuntamiento, o ten moita xente que non ven a decir que non ten quen lla limpe ou que van a tardar un mes. Eu hoxe mesmo, tiven que chamar a dous propietarios porque os coñecía, pero, quero decir que a veces intentamos adiantar os trámites non tan administrativos e si se coñece ao dono avisalo, pero este ano estamos moita xente que ten a vontade de limpalo, é moi difícil que o limpe de inmediato porque ten eses problemas. De todas formas, eu creo que estamos todos na intención





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

de mellorar e de cumprir có que vostedes solicitan, polo menos, e o noso grupo tamén vai a apoiar a súa proposta.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que propón **sustituir no punto 3.** “Instar ao Goberno municipal a **solicitar...**” por “Instar ao Goberno municipal a **reiterar...**”.

=====

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa a protección das vivendas e os núcleos de poboación contra os incendios forestais, sustituindo no punto 3. SOLICITAR por REITERAR, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1. Instar ao Goberno Municipal a asumir as súas responsabilidades e competencias en relación ao cumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
2. Instar ao Goberno municipal a delimitar as faixas de protección legalmente establecidas en torno aos núcleos de poboación, as vivendas illadas e as vías de comunicación e vixiar o seu cumprimento efectivo.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

3. Instar ao Goberno municipal a reiterar a colaboración técnica e económica da Xunta de Galicia para levar a cabo estas tarefas, tal como se establece na propia Lei 3/2007.

4. Instar ao Goberno municipal a aprobar un plan municipal de defensa contra incendios forestais que contemple, con carácter prioritario, a protección de vivendas e núcleos de poboación.

Auséntase nestos intres do salón de sesións a concelleira María Dolores Elorduy Callón (non adscrita)

9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR MARÍA DO PILAR SAMPEDRO LARANGA, EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DE GALICIA.

A concelleira Sra. Sampedro Laranga do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data xullo de 2018 (rex entr. 09-07-2018, nº 10.358) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ate que o ano pasado aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadatorio e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 41 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo, consideramos que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas destes citados réximes. Consideramos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

O pleno do Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións lexislativas oportunas de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.
2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado.

5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: simplemente me vou a centrar nos puntos. Non sei si ao final se vai a poder votar por puntos ou temos que votar todo conxuntamente.

No 1º punto: IPdeR está totalmente dacordo porque incluso no Estado da Cidade, lle recordamos ao Alcalde que había unha deuda que non fomos capaces todavía de facer, que é precisamente esta, que Portos non lle cobrara por facer as actuacións en terreno municipal, e ademáis, aínda lle añadimos unha mais, que era que as terrazas as cobrara o Concello e nas cobrara Portos, polo tanto, neste estamos totalmente dacordo.

No 2º punto: se crea o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional; esto non entendemos moi ben porque aquí en Riveira hai o Consello de Portos onde están representadas as Cofradías, os representantes municipais, Portos, e o Sr. Alcalde. Si facemos esto de Coordinación Portuaria, quitamos o Consello de Pesca, creo que xa temos un Órgano ahí; si temos dous que van a facer as mesmas funcións, outra cousa é que se reúnan mais periódicamente, que se plantexen problemas ou así. Eu o segundo punto ou se explica mais, e cales son as funcións de uns e de outros ou senon non o entendo.

No 3º punto: se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade; a este lle votaríamos que sí, pero volvo a decir o mesmo, si un mira as actas desde que esta Concelleira está no Concello, incluso acompañadas do que lle costaba ao Concello e os usuarios, estamos pedindo continuamente que as zonas de





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Portos, que son urbanas, que limpan, que xestiona o Concello, deixen de ser de titularidade de Portos e pasen a ser da titularidade do Concello.

No 4º punto: Se modifique o réxime sancionador; aquí este é outro punto que eu teño bastantes dúbidas, por exemplo falando cunha Entidade deportiva que está en Riveira, ahí hai bastante xente que fai pesca deportiva pero realmente están preocupados porque non saben si hai un accidente que pode pasar. Falando con xente que se dedica á pesca deportiva, que anda cós barcos, que se dedican á pesca; din que eso de mergullarse onde hai actividades pesqueiras e onde se está con motores, como non estea ben sinalizado, a persoa que se está mergullando, que eso pode representar un perigo. Eles, na maior parte dos que eu falei con eles, están dacordo en se que prohíban esas zonas, o mergullo para a pesca ou non pesca deportiva porque que é un perigo moi grande, aquí en Riveira xa tivemos algún. Ao mellor este punto había que modificalo, dende logo, nós este punto non vamos a aprobar.

No 5º punto: Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto; entendo que aquí queredes ou propoñedes que a pesca deportiva se está pescando onde está a zona portuaria que non se sancione. Eso hai que explicalo mais.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: nós no punto 1, 2, e 3 podíamos votar que sí. Chámame a atención o tema da pesca deportiva, a que se refire en concreto?, porque eu son pescador submarino dende fai anos, eso non estaría incluído, a pesca submarina dentro do Porto.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: nós tamén vamos a comentar dende o grupo Socialista o tema por puntos.

No 1º punto: estamos a favor.

No 2º punto: estamos dacordo en que a Entidade Local ten moito que aportar e que decir na ordenación portuaria, non en vano ao acceso, o recinto portuario, pois, faise a través de infraestruturas e terreos do municipio. Aquí habría que mirar a viabilidade ou encaixe deste Órgano dacordo ca Lei vixente e cos Órganos existentes. O que sí queríamos aquí é solicitar a creación da autoridade portuaria de Riveira.

No 3º punto: estamos a favor.

No 4º punto: estamos tamén dacordo, excepto, en zonas restrinxidas por obras ou instalacións varias de captación de augas, zonas de descargas de produtos pesqueiros e marisqueiros.

No 5º punto: tamén estamos a favor, pero mais que excluir diríamos restrinxir. Aquí sería excepto zonas de perigo e zonas restrinxidas a actividades portuarias.

A concelleira Mª Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: despois das intervencións que se realizaron por parte dos distintos grupos e sen ánimo de prolongar demasiado o debate con esta cuestión, por parte do grupo Popular, Sra. Sampedro, decirlle que o 1º punto nós tamén coincidimos; meteríamoslle certos matices, pero dende logo defendendo esa posición xa a temos defendido aquí reiteradamente noutros plenos, que é de quedar exento do pago das taxas pola





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

utilización deses espazos portuarios, sobre todo, desesa zona que está xa plenamente integrada dentro da Cidade e donde o Concello se está encargando de todo o mantemento de limpeza e suministros que hai nesa franxa.

En canto ao 2º punto; bueno, pois, nós consideramos que o Consello Local de Pesca, sería importante seguir traballando nel, e seguir dándolle, si cabe, todavía mais peso, e dende ahí se podría facer ese traballo que pide vostede no punto 2, para un Órgano que sería novo, que habría que crear e poñer en funcionamento, Sra. Sampedro; e co Consello Local de Pesca traballando nel eu creo que se pode realizar esa tarefa perfectamente.

En canto ao 3º punto; no que vostede fala de transferir a titularidade aos Concellos, e nós instaríamos aquí, instar a Portos de Galicia a que cumpla o protocolo que ten asinado con este Concello para a xestión dos espazos que no plan de usos se definan como usos non portuarios, para que esos espazos pasen a ser xestionados directamente polo Concello.

En canto ao 4º punto; no que vostede fai referencia a que se modifique todo ese réxime sancionador; bueno, non vamos a abondar aquí mais do que xa se ten dito por parte doutros grupos, pero decirlle Sra. Sampedro, que neste país é necesario sancionar para facer moitas veces cumprir a normativa, e dende logo, o que non podemos facer é poñer en risco, eliminar sobre todo, aquelas prohibicións que supoñen unha protección para a seguridade das persoas que están realizando determinadas actividades; e vostede fala aquí desas actividades, que se eliminen esas sancións de actividades de bañarse ou mergullarse en augas interiores do porto. Mire, as augas interiores do porto eu creo que teñen que estar despexadas para que circulen as embarcacións que teñen que circular e traballen quen teña que traballar e non por en risco, unha nin estorbar a quen está traballando, e outra, non por en risco o que é mais importante a vida de ningunha persoa. En canto a ese punto; nós o que sí quixeríamos pedir é que, instar á Xunta de Galicia a que teña en conta Sra. Sampedro, os ingresos que se aportan dende o porto de Riveira por toda a actividade portuaria que se realiza aquí, e que en consonancia con esos ingresos se cree tamén unha partida específica para o porto de Riveira, dacordo có peso económico que supón eso dentro desos orzamentos de Portos de Galicia, pola vía de ingresos que lle entra directamente por toda a actividade marítimo pesqueira de Riveira, pois, que teña a su reversión propia tamén, evidentemetne, a través dunha partida específica para a nosa cidade.

En canto ao 5º punto; xa se comentaba aquí por parte doutros grupos que tamén se farían matices, evidentemente, consideramos que ao mellor estar pescando con carga dende o propio peirao, pois, non suporía ningún risco nin para quen está traballando, nin para a persoa que está pescando deportivamente cunha caña, pero calquer outro tipo de actuación de pesca deportiva que poda supor un risco tanto para quen está exercendo a actividade profesionalmente dentro do espazo do porto, como para quen está practicando esa pesca deportiva, dende logo, que non o íbamos a apoiar.

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 45 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

A concelleira M^a Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) en termos de réplica dí: votaríamos por puntos si non lles importa ao resto da Corporación.

Con respecto ao punto 2, que preguntaba a Sra. Pose, tuven un erro que eu decía que se cree un Órgano de Coordinación Portuario Municipal, que xa habría, pero si que sería un Órgano de Coordinación Portuario Galego, é decir, que sería un instrumento de participación social con respecto a portos, onde estaría representada tanto un goberno local como Portos de Galiza, é decir, sería un Órgano de Coordinación Portuaria Galego non municipal porque municipal xa o temos.

Con respecto aos outros puntos, vexo que, mais ou menos, todos estamos dacordo no punto 1º, 2º e 3º, e que no 4º e no 5º nos están dando problemas, entonces, se votarían por puntos. O 1, 2 e 3; e despois o 4 e o 5, pois, separados.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eu lle vou a facer unha proposta recollendo o que entendín que decían tódolos grupos.

Sería unha proposición na que o punto 1º sería exactamente o que vostede propón.

O punto 2º; é un pouco o que pretendemos tódolos grupos, e que esta moción teña mais ámbito de Riveira que ámbito galego porque ao final o ter un Órgano de Coordinación Municipal, cando os Concellos están representados xa no Ente Portuario Portos, no Consello de Administracións de Portos, ao final que Riveira esté, non esté, pois, a min non me vai nin me ven, si a Xunta quérese relacionar así con outros Concellos; o Concello de Riveira relaciónase a través do Consello Local de Pesca no que están presentes e veñen a tódalas reunións, se lles cite con asuntos de portos ou non veñen a todas, e despois temos un grupo de traballo por todo o que é a fachada marítima con respecto ás obras de Carolinas e Malecón. Polo tanto, eu lle diría, o 1º punto sería o seu. Que voten o 2º punto ou o exclua como vostede diga na votación, por separado.

O 3º punto; vostede o que dí é que se transfira a titularidade aos Concellos, eu entendo que tamén é un pouco xenérico; e a Sra. Pouso, o que dixo, é que polo menos, co Concello de Riveira teñen un compromiso a través dun protocolo de conveniar a gestión municipal desos terrenos e, polo tanto, volvendo a esixir e a parte se engadiron dúas cuestións por parte do Sr. Vilas, que a min me vale calquera das dúas, é decir, ou que Riveira teña dentro de portos unha autoridade portuaria propia ou que teña un presuposto específico para este porto ano tras ano, porque para eso é o porto do que mais recauda Portos de Galicia, polo tanto, sería o punto 3º: esixir a Portos de Galicia o cumprimento daquel protocolo cara a revertir ao Concello de Riveira a gestión deses terrenos de interacción porto – cidade e que Portos faga co Concello de Riveira o mesmo, un presuposto propio ou unha autoridade portuaria propia.

O punto 4º; si vostede o quere votar, pero eu entendo que é perigoso que un mergullador poda andar onde anda.

O punto 5º; simplemente, claro ahí hai a confusión de que poda chegar unha lista 7ª e estar no medio do muelle pero si vostede se refiere á cana, entón, sería que se





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

exclúa a pesca deportiva en cana da prohibición que rexe..., si lle parece, entón, o único que vostede tería que decirme é si acepta o que eu lle digo e, en todo caso, si quere que aínda así, se voten por separado o punto 2 e 4, donde parece que tódolos grupos temos algún tipo de.

A concelleira M^a Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) en termos de dúplica dí: sí, é decir, que o punto 1 quedaría como está.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que sería o punto 1 o que dí vostede.

Si quere no punto 2: Que as relacións de Coordinación de Portos e o Concello se leven a cabo a través do Consello Local de Pesca e o grupo de traballo aprobado.

3º: Que Portos de cumprimento ao protocolo no que se falaba da reversión na gestión desos terrenos municipais e que teña en consideración ao porto de Riveira para unha autoridade portuaria propia ou ben para un presuposto específico anual que recolla as necesidades deste porto.

Excluiríamos o punto 4º.

No punto 5º: falaríamos de pesca deportiva de cana.

Si lle parece así, pasámolo á votación de tódolos grupos.

=====

A concelleira M^a Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) dí: que **acepta a emenda.**

=====

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

Insta á Xunta de Galicia a realizar as modificacións lexislativas oportunas, na Lei de Portos de Galicia, de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 47 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a Administracións Locais como a Entidades sen ánimo de lucro.

2. Que as relacións de Coordinación de Portos e o Concello se leven a cabo a través do Consello Local de Pesca e o grupo de traballo aprobado.
3. Que Portos de cumprimento ao protocolo no que se falaba da reversión na xestión desos terrenos municipais e que teña en consideración ao porto de Riveira para unha autoridade portuaria propia ou ben para un presuposto específico anual que recolla as necesidades deste porto.
4. Se exclúa á pesca deportiva de cana da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición da Sra. Sampedro Laranga, relativa á modificación da Lei de portos de Galicia, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta a propoñente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 20/07/2018, **por unanimidade dos membros presentes, acorda:**

Insta á Xunta de Galicia a realizar as modificacións lexislativas oportunas, na Lei de Portos de Galicia, de xeito que:





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a Administracións Locais como a Entidades sen ánimo de lucro.
2. Que as relacións de Coordinación de Portos e o Concello se leven a cabo a través do Consello Local de Pesca e o grupo de traballo aprobado.
3. Que Portos de cumprimento ao protocolo no que se falaba da reversión na xestión desos terrenos municipais e que teña en consideración ao porto de Riveira para unha autoridade portuaria propia ou ben para un presuposto específico anual que recolla as necesidades deste porto.
4. Se exclúa á pesca deportiva de cana da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, EN RELACIÓN A MELLORAS NA RÚA DO TOXO.

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, presenta moción en nome deste grupo, de data 16 de xullo de 2018 (rex entr. 16-07-2018, nº 10.714) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En La Rúa do Toxo, después del último reasfaltado, hace más de 5 años, cada vez que llueve el agua se embalsa en una parte de la vía y queda estancada debido al desnivel creado por el asfaltado quedando estancada durante días.

Este hecho además de los problemas que ocasiona a los vecinos está empezando a ocasionar graves daños de filtración de agua a los garajes de los edificios que se encuentran en ese lado de la calle.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía

SOLICITA

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 49 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Que se lleven a cabo las obras necesarias para solucionar el problema de inundación de la vía pública.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR) quen dí: dende o grupo municipal de IPdeR vamos a votar a favor porque creemos que é necesario.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, solo decir que a orde tamén está dada. Que vamos a votar a favor, seguramente ao pavimentar taparon algunha regilla ou nunca existiu, unha de duas, pero sí é verdade que se están producindo anegamentos alí e, polo tanto, vamos a votala pero, sobre todo, vamos a solucionalo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa a melloras na rúa do Toxo, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018, **por unanimidade dos membros presentes, acorda:**

Que se leven a cabo as obras necesarias para solucionar o problema de inundación da vía pública na rúa do Toxo.





11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS, EN RELACIÓN Á REALIZACIÓN DE MELLORAS NOS APARCADOIROS MUNICIPAIS.

O concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data xullo de 2018 (rex entr. 11-07-2018, nº 10.504) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG sempre demandou a creación de aparcadoiros alternativos gratuítos que deberían acompañar a peonalización de rúas na cidade de Ribeira. Os aparcadoiros que, foron habilitados en fincas alugadas, teñen moitas deficiencias que é preciso subsanar, para que poidan ser utilizados polos veciños e veciñas con confianza e seguridade.

Faise necesario que o grupo de goberno acometa diversas melloras como son: rozar a vexetación que hai nos aparcadoiros das Avesadas, onde tamén hai que retirar cascallos, no de Coroso e no do Monumento.

Alén diso, para que os aparcadoiros sexan unha alternativa útil e axeitada para que a veciñanza poida empregalos, hai que dotalos de servizos imprescindíbeis como é o de iluminación, acondicionar o chan, facendo especial atención a entradas e saídas, instalar algunhas papeleiras e unha adecuada sinalización.

No referente á sinalización deberíase aplicar unha sinalización clara e uniforme en toda a cidade, pois atopamos letreiros aleatorios en determinadas zonas da cidade e en emplacements que non son axeitados. Desde o BNG propoñemos que se instalen leteriros visíbeis e en puntos estratéxicos co fin de que as persoas que chegan a Ribeira saiban perfectamente como acceder a esas áreas de aparcadoiro.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º Que se proceda á roza e limpeza dos aparcadoiros das Avesadas, do Monumento e de Coroso.

2º Acondicionar e dotar os aparcadoiros municipais gratuítos dos servizos básicos de iluminación, sinalización e mellorar a súa limpeza.”





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: nós estamos dacordo en que se proceda á limpeza dos aparcadoiros das Abesadas, Monumento e algún mais porque este verán entre a chuvía e os calores supoño que inundaría e as herbas están crescendo.

En canto ao de Coroso teño que decirlle Sr. Alcalde que me custou moitísimo encontralo, dinlle 20 voltas, desde o río grande hasta o río pequeno, hasta que me enterei que era un aparcamiento de Deán; pero, efectivamente necesita unha roza e eso hai que recoñecelo.

Acondicionar e dotar os aparcadoiros municipais gratuítos dos servizos básicos de iluminación, sinalización e mellorar a súa limpeza: Mellorar a súa limpeza, xa vai incluído no punto anterior. Sinalización, incluso no debate o volvemos a debatir ao falar dese tema, e vostede comprometeuse que efectivamente había que darlle mais publicidade para a xente que viñera e supera donde estaba.

En canto á iluminación Sr. Alcalde, aquí IPdeR ten unha duda, si a iluminación se pon nas beirarrúas que son públicas que as pagamos cós impostos, estamos dacordo, agora, urbanizar un solar ou urbanizar un terreno que lle vai a quedar a un señor e para o mes seguinte pode decir xa non o alquilo, non sei, vamos a votar en contra, ou sexa, dar iluminación e as iluminarias nas beirarrúas e que ao mellor teñan 2 brazos, podémolo entender, agora, urbanizar o solar que se alquila, non estamos dacordo. Sin embargo, Sr. Alcalde, moitos nos dín, sabemos que é unha falta de civismo total e absoluto, como moitos outros, que non lles gusta escoitar, pois, hai unha cousa, que a veces non están moi marcadas nos aparcamentos, sobre todo grandes como no das Abesadas, o camiño de entrada e saída para que se poda circular cando se sale do aparcamiento, ou sexa, tapan dalgunha forma a saída dos vehículos.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: dende o grupo municipal Cidadáns, estamos dacordo en que é necesario que se limpen, se iluminen alomenos un mínimo, se adecenten os pisos, se sinalicen ben en toda a súa totalidade, polo que o noso grupo municipal Cidadáns vota a favor da moción.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o grupo Socialista vista a exposición e petición do Sr. Cobas, estamos dacordo có primeiro punto, pero no segundo temos aquí unha pequena duda, no asunto da iluminación discrepamos, salvo que sexa con luz indirecta desde zona pública, respecto á sinalización e limpeza estamos dacordo.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro Victor Reiriz Lampón (grupo m. PP) dí: eu creo que coincidimos todos nos mesmos puntos, o que pasa que o Sr. Cobas pide unhas melloras demasiado exahustivas para ahí, pero hai que darse contar que non vamos a votarlle aglomerado, o aglomerado nos aparcamentos sabemos que o propio propietario da finca con solicitarnos con tres meses de antelación que abandonemos esa finca non estaríamos preparados para sacarlle todo o asfaltado ou hormigonado a unha finca deses metros que temos alquilado.

En canto aos puntos de luz; estamos dacordo e creo que coincidimos todos en que se puxeran puntos de luz, neso xa está traballando o meu compañeiro Emilio. As iluminarias serían desde o alumbrado público, desde a carretera non desde o propio aparcadeiro.

No tema de desbroces; si hai algún pasiño dado, o problema é que nos colleu o toro así un pouquiño polos cornos porque nas festas da Dorna cando se quixo empezar a desbrozar e quedamos totalmente colgados pola sinalización de prohibido aparcarse, e entón xa se ve claro que para poder limpar hai que colocar as sinais con antelación, quedamos esgotados polas solicitudes da propia festa da Dorna, quedamos sin señales e sin nada.

Con respecto a outro tipo de melloras; estamos dacordo cá sinalización, un pouquiño mais de puntos que xa están solicitados a unha empresa e, ao mesmo tempo, o que é a entrada e saída ahí si que podemos votarlle un pouquiño de asfaltado e aglomerado porque é onde decae un pouquiño nos días de chuvia, pero no resto eu creo que coincidimos en todo e, polo tanto, vamos a votar a favor.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en termos de réplica dí: efectivamente, eu cando falo de iluminación me refiro, por exemplo, vostedes coñecen o aparcamento do Monumento que hai unhas farolas que se poden poñer no mesmo báculo un par de brazos que vaian hacia o interior porque se da a circunstancia de que como temos este tipo de iluminación led, pois, localízase moito na estrada e, entón, queda o aparcamento a obscuras, pero pódese desviar un báculo desde o mesmo báculo da vía pública hacia o aparcadoiro porque dase a circunstancia de que está a estrada toda aparcada pero o aparcadoiro todo vacío, e nas Abesadas igual si é preciso, ou sexa que non é montar outra luz en ningún dos aparcadoiros.

Por outra parte, por exemplo, vostedes teñen ahí as fotos, no aparcadoiro das Abesadas, si se quitan os entullos e se limpa esa herba eu calculei que habría unhas 20 ou 30 aparcamentos mais nese sitio.

A broza que está no aparcadoiro do Monumento, si se limpa igual caben, non tantos como nas Abesadas, pero ao mellor 7 ou 8 ou 10 aparcamentos mais tamén é verdade; e, por outra parte, cando falo de sinalización, tamén me estou a referir un pouco á sinalización interior dos propios aparcadoiros porque o aparcadoiro das Abesadas, por exemplo, é un aparcadoiro grande pero o que non pode ser é que cada un aparcarse como queira, ten que haber unha mínima estruturación, un dibuxo que se





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

fixo por exemplo no aparcadoiro que hai na de Fernández Oujo, que alí está mais ou menos un cartel que dice se entra por aquí, se sale por aquí, e no medio se poñen neste sentido; no das Abesadas non é así, cada un aparca según como lle convén. Entón, tamén me refiro á sinalización interior, xa sei que se falou aquí no do Estado da Cidade, falou a Sra. García Pose da sinalización nas entradas da cidade, o Sr. Alcalde estaba dacordo, que se vai facer.

Sr. Victor eu non falo nada do asfaltado, xa sei que eso é unha cousa, vamos a ver, non vamos a asfaltar o aparcadoiro das Abesadas, non vamos a gastar alí un dineral, non falo deso, falo de que de vez en cando, poñer o chan un pouquiño ben, e todo esto.

Cando falo de colocar, un colector de lixo estaría ben, vostede sabe que a xente cando chega ao aparcamento deixa un papel ou calquer outra cousa, estaría ben, pois, ter unhas papeleras, non sei de que tipo, pode ser un colector, son cousas que parecen bastante de sentido común porque mirando estas fotografías a un tamén lle salta a duda e si hai un incendio nesta broza e queima os coches todos quen paga?, non é a nosa responsabilidade, temos algunha non a temos?.

Eu comprendo que tamén na miña leira, que teñen moi pouquiña, medraron moito as herbas, pero hai que ter un pouquiño de previsión porque este é un aparcamento público e o que non pode a broza é inhabilitar zonas do aparcamento porque, por exemplo, os cascallos que están nas Abesadas, esos están ahí pero non é que se puxeran agora, están ahí dende que se habilitou o aparcamento; non é un traballo tampouco que vaia a contratar unha empresa e coller un camión sacar os cascallos, que a brigada limpe os ramaxes e xa temos 20 prazas mais.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que non é que non se faga nada, o Sr. Reiriz Lampón, explicou os problemas que tivemos con algún aparcamento con esa herba, pero se acondicionou o aparcamento de Corrubedo; se acondicionou, aínda acababan hoxe, o aparcamento de Palmeira; e se iban a acondicionar o resto dos aparcamentos que faltan e así se van a facer. O primeiro vai a ser o de Dean, a zona das Saiñas, e o resto exactamente igual.

O que decía o Sr. Víctor da entrada, ten que ver có que dí vostede, é decir, ao final ao pavimentar as entradas que é o lugar que mais se deterioran porque se está marcando xa onde os coches poden ou no aparcar, e o resto xa lle digo e lle confirmo que temos solicitado os presupostos para instalar mais carteles indicativos de donde quedan os aparcamentos porque creo que é importantísimo. Agora vamos a inaugurar o novo de Abesadas, que é o segundo, pero en Corrubedo son dous moi grandes, en total son 35.000 m2 que se habilitaron desde o ano 2011, a min non sei xa, donde os letreiros igual o que temos que facer é xa publicidade deso porque eu cada vez que escoito: esto es una ciudad fantasma, volvemos a la aldea, no hay aparcamientos; e digo eu, non habrá pero hai 35.000 m2 mais para os coches que fai 4 anos. Entonces, moitas veces eu non sei que é o que pasa pero esas señales tamén ao haber o de aparcamento e poñendo o número de prazas que hai en cada unha eu creo que pode





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

axudar a que a xente sepa esa realidade. É un tema que xa saben que eu discrepo tanto, la gente se va para Boiro y hoy estuve con una de Boiro e estuve todo el rato saludando a gente de Boiro e chovía, e parece que os de Riveira porque non hai aparcamiento van a gastar 15 € en ir a Boiro, que ao final teñen o mesmo problema que en Riveira, desde a piscina de Boiro, sempre o digo, ao Ayuntamiento de Boiro, hai 300 m mais que do aparcamiento de Abesadas ao centro de Riveira, pero bueno, como así nós temos unha serie de habitantes de Riveira, que despois din que eu métome con eles ou con algún, que fan a publicidade negativa do seu pueblo, e que todo o mundo se vaia de aquí, porque aquí non hai de que vivir, nin hai donde aparcarse, ao final fanlle aos seus comerciantes que son os que temos que defender todos, fanlle un favor, con perdón, de carallo. Son cousas que non entendo, como no muelle, non se sacou ningún aparcamiento e creo que é bó que o pleno defendamos eso porque é unha forma de defender ao comercio e decirlle á xente que pode aparcarse e en 4 minutos está no centro de Riveira.

Creo que, por eso, a súa proposta é moi axeitada porque canto mellor estén, pois, mais serán utilizados e espero cambiar un pouco esa impresión que moita xente quere dar do que non é real.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Vázquez Cobas, relativa a melloras nos aparcadoiros municipais, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018, **por unanimidade dos membros presentes, acorda:**

1º Que se proceda á roza e limpeza dos aparcadoiros das Abesadas, do Monumento e de Coroso.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

2º Acondicionar e dotar os aparcadoiros municipais gratuitos dos servizos básicos de iluminación, sinalización e mellorar a súa limpeza.

12.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS, EN RELACIÓN A RESOLVER A SITUACIÓN DE ABANDONO E PERIGOSIDADE DO EDIFICIO EN CONSTRUCCIÓN NA RÚA DE LUGO.

O concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data xullo de 2018 (rex entr. 16-07-2018, nº 10.720) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de varios anos de abandono, o edificio da Rúa de Lugo é un perigo para os veciños e veciñas de Ribeira. Non só pola lamentábel situación na que se atopa a obra e o seu peche, senón polo deterioro que ten causado na Rúa de Lugo e Rúa de Correos (ver anexo fotográfico). Como pode observarse, ten deteriorado as beirarrúas e, o que é máis grave, estaas socavando, o que pode xerar perigo de derrubamento. Alén diso, as veciñas e veciños teñen denunciado ante este grupo que se está a converter nun foco insalubre que acumula broza, lixo e cascallos en pleno centro da cidade.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1º Que por parte do concello de Ribeira se inicie, sen demora, un expediente de Execución Subsidiaria, cuxo fin sexa, acondicionar a obra ata o nivel das beirarrúas para evitar a súa perigosidade e poder así urbanizar a contorna da obra nas Rúas Correos e Lugo.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: antes de intervir eu recordo que se había quedado aquí de xestionar cos heredeiros deste solar para buscar unha solución,

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 56 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

porque claro eu estou dacordo có que dí o compañeiro do BNG, eu paso por alí moitas veces e realmente esto aínda que non houbera xa perigo de que poda socavar, simplemente, a imaxe que da no centro de Riveira, pois, que quere que lle diga, agora, si o fai o Concello e os posibles donos veñen encima do Concello ou si costa demasiados cartos das arcas do Concello, aquí tiña que ver primeiro antes de nada un coste, un presupuesto, e un informe Técnico de Secretaría, si nós podemos acometer esas obras sin ter en conta aos donos do solar ou que expediente se pode iniciar para obrigarlles dalgunha forma a que o arreglen, xa digo, estando dacordo, pero bueno, nós temos moitas dudas si legalmente dende o punto de vista do Concello se pode facer esto.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: en esta legislatura este grupo municipal presentó una moción aprobada por unanimidad en este pleno, sobre el estado de mejora y peligrosidad para los vecinos de Riveira de viviendas, locales y solares en estado de abandono, por lo que, este grupo municipal de Ciudadanos Riveira vota a favor de esta moción por su gran peligrosidad de estacionalidad.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o grupo Socialista estamos dacordo en que sí existe un importe dunha fianza para a realización de obras de remate e acondicionamiento das rúas, tanto de Lugo como de Correos, que se proceda á infracción da fianza e se proceda á adecuación do espazo público cedido ou concertado.

De tódolos xeitos nos gustaría escoitar a información e maior criterio do Sr. Secretario municipal a este respecto, porque o obrigado do cumprimento voluntario da obligación por desgracia non existe.

A condición da obra e o lugar é bochornosa e lamentable como xa comentamos nalgún rogo anteriormente no Pleno municipal.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en termos de réplica dí: Sra. Rosa, a execución subsidiaria o primeiro paso, senon que me corrixa o Sr. Secretario, é que debe requerir ao interesado para que realice a actividade pola que se trata, é decir, o Concello ten que decir, queremos que faga esto, non ten que ser rematar o edificio, eu poño aquí a nivel das beirarrúas pero é o inicio do expediente, ou os heredeiros, o que sexa, o que teñen que facer, si eles non o fan pasará a facelo o Concello e despois se lle revirte o custe aos heredeiros, incluso pode ser pola vía de apremio, pero bueno, eu creo que o Secretario pode informar mellor ca min, pero é así como está.

O que de todas maneiras, eu creo que este Pleno debía ter claro, é que esa obra xa leva ahí, pois, unha chea de anos e non podemos limitar o crecemento da cidade, pois, a unha excepción como esta. Oxalá o tuveran rematado ou, polo menos, como pido aquí a nivel das beirarrúas para poder evitar ese peligro, porque mire, eu estuven alí, estuven mirando todo aquilo, e estaba pisando encima dunha taboa que está tapando un burato na acera e a taboa estaba atornillada á acera, si a taboa que xa está





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

vella cede eu vou para abaixo, unha vez que, non digo que se remate o edificio, pero hasta nivel das beirarrúas se pode facer un muro e facer un cierre en condicións porque alí me parece que tamén se están metendo drogadictos, en fin, xente que ten problemas de adiccións, e a ver, non levamos un ano nin dous, leva parada 6 ou 7, e xa se comenzou moitísimo antes, entón, non pode limitar en pleno centro da cidade, pois, hai que tomar unha decisión. Xa temos falado desto neste Pleno, pero é que chega un momento en que hai que decidir. Eu creo que este é o momento axeitado, e temos esta figura que é a execución subsidiaria e creo que debemos usala.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que si leva ahí 4 anos é porque ten unha dificultade añadida. Este señor morre sin testar, como mínimo debe ter 11 fillos, pero o peor deso, porque ca primeira ten 7, polo menos, aparte da parte usufructuaria das mulleres, pois, seguramente ten 10, cando menos ten 10, a parte xa digo da parte usufructuaria; pero o peor de todo, é que hasta onde eu sei, ninguén se fixo cargo da comunidade hereditaria porque hai mais cargas que o impiden.

Entón, temos un problema realmente importante, non sei si ao final a solución será outra, a expropiación ou algo, pero as cousas non se regalan e non son gratuitas porque a expropiación ten que valer moitos cartos o que alí hai, o problema deso, eu fun alí có arquitecto varias veces, e vamos a acometer unha obra de urxencia, a obra de urxencia é a que pode ter algún peligro, que é na zona da carnicería, o resto, o levantar o que é o edificio a nivel de beirarrúas estamos falando de centos de miles de euros, polo tanto, eu creo que o Concello o que ten que facer, en todo caso, é por razón de urxencia xa o pagarán si o pagan ou non o pagan ou o que sexa, o banco ou quen se quede con eso, para o futuro, pero facer o que é a obra de urxencia, o resto se nos escapa.

Cando fagamos a avda de Lugo, arranxaremos o que son as beirarrúas e o que sí ten encomendado a brigada municipal é o arranxo das vallas, tanto desta como unha que hai do mesmo propietario en rúa Galicia. Non sei si lle vale eso, o que estudiemos os servicios Técnicos outra solución, pero xa lle digo, a solución é de moitos cartos e por eso non está solucionado.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en termos de dúplica dí: Sr. Alcalde, vostede dí donde está a carnicería.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que é do mesmo propietario, pegada a panadería de Charlín.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: Sr. Alcalde, vostede dí donde está a carnicería, pero é que na rúa de Lugo como aquí teño dito a acera está no aire.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que ata onde foi o noso Arquitecto e mirou, a única zona de peligrosidad que ten un furado, é a zona que non pasa xente, gracias a Dios, porque é unha esquina pero pegada á carnicería, pero de todas formas, si a min calquer Técnico me dí que hai peligro en algunha zona non vou a deixar de actuar.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: dígolle que está no aire porque o estuven revisando e está no aire. Si vai un camión e pon a roda enriba eu non respondo de que eso non caiga. Na rúa de Lugo. Sr. Alcalde, o Concello ten un Arquitecto, ten un Aparellador, que miren eso porque eu tampouco son un Técnico especialista neso.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que si hai peligro o maior interesado en solucionar o son eu pola conta que me ten, polo tanto, pediremos un informe ao Arquitecto e actuaremos nesa parte, eu no resto o vexo moi difícil pola cuantía que supón, e acabar ese edificio nestos momentos que non ten propietario, acabalo ata a beirarrúa me refiro, eu creo que o que temos que facer é intentar solucionar tódolos problemas de peligrosidad, e a beirarrúa na rúa de Lugo, sí porque non hai maior problema en facelo cando fagamos a urbanización do parque.

Entón, actuar na zona que poda ter urxencia na reparación. Ver o coste e as posibles solucións que ten o que hoxe en día solo é indecoroso pero non ten perigo.

Entón, poderíamos aprobar: actuar na obra necesaria e urxente para garantir a seguridade. Mellorar o vallado. Que os Servizos Técnicos municipais elaboren unha proposta na que se conteña o coste da reparación a nivel de beirarrúas.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) propón neste momento unha **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, e que quede redactada como se transcribe textualmente:

“Actuar na obra necesaria e urxente para garantir a seguridade. Mellorar o vallado. Que os Servizos Técnicos municipais elaboren unha proposta na que se conteña o coste da reparación a nivel de beirarrúas.”

=====

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: que **acepta a emenda**.

=====





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

Actuar na obra necesaria e urxente para garantir a seguridade.
Mellorar o vallado.

Que os Servizos Técnicos municipais elaboren unha proposta na que se conteña o coste da reparación a nivel de beirarrúas.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Vázquez Cobas, relativa a resolver a situación de abandono e perigosidade do edificio en construción na rúa de Lugo, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o proponente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 20/07/2018, **por unanimidade dos membros presentes, acorda:**

1. Actuar na obra necesaria e urxente para garantir a seguridade na rúa de Lugo.
2. Mellorar o vallado.
3. Que os Servizos Técnicos municipais elaboren unha proposta na que se conteña o coste da reparación a nivel de beirarrúas.





13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL SEGUNDO O R.D. 635/2014, RELATIVO AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

O Sr. Alcalde (grupo P.P.) explica que a dación de conta do informe de morosidade do 2º trimestre o teñen no seu poder.

Visto o informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 23 de xullo de 2018, asunto: “Informe”, expte: “Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais”, que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía “Asunto: Información sobre o Periodo Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao segundo trimestre de 2018”, de data 19 de xullo de 2018, que consta no expediente na sesión.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, do informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 23 de xullo de 2018, asunto: “Informe”, expte: “Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais”; e da Proposta da Alcaldía “Asunto: Información sobre o Periodo Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao segundo trimestre de 2018”, de data 19 de xullo de 2018, non producíndose manifestacións nin opinións en contra, da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2018, que se transcribe:

“ASUNTO: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao segundo trimestre de 2018.

A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no sector público (BOE nº 305, de 21 de decembro) refírese á “publicación do período medio de pago” das Administracións Públicas nos seguintes termos:





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

“Disposición adicional primera. Publicación del período medio de pago.

Transcurrido un mes desde la entrada en vigor de esta ley todas las Administraciones Públicas y sus entidades y organismos vinculados o dependientes publicarán en su portal web su periodo medio de pago a proveedores e incluirán en su plan de tesorería inmediatamente posterior a dicha publicación las medidas de reducción de su periodo medio de pago a proveedores para cumplir con el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad”.

Para a aplicación da previsión legal citada foi aprobado o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, posteriormente modificado por Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Para maior detalle práctico foi publicado na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais a “Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das Entidades Locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo”, que contén os modelos e criterios para elaborar, publicar e remitir a información sobre o período medio de pago a provedores.

É necesario indicar que o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é diferente na súa metodoloxía de cálculo, no seu procedemento e prazos de publicación e nas súas consecuencias prácticas, aos prazos de pago das facturas por operacións comerciais a que se refire a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para la elaboración dos informes trimestrais a que se refire a Lei citada foi publicado na oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais a correspondente Guía.

Finalmente, tamén é necesario calcular e publicar o período medio de pago a provedores a que se refire a Disposición Transitoria Décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e para ese cálculo deben tomarse en consideración os criterios contidos na “Nota relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local” publicada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Unha vez cumprimentada a aplicación posta a disposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas obtense a información sobre o período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, que se indica a continuación, para o Concello de Riveira:

ORGANISMO	RATIO OPERACIONES PAGADAS	RATIO OPERACIONES PENDENTES PAGO	PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL
CONCELLO DE RIVEIRA	7,64	19,44	11,52

Acompáñase como Anexo a información trimestral correspondente ao segundo trimestre de 2018 sobre prazos de pago a que se refire a normativa sobre “morosidade” nas operacións comerciais.

Co fin de dar a máxima difusión posible á información de relevancia económica ou financeira do Concello e no cumprimento das normas de aplicación citadas considérase oportuno dar conta ao Pleno da Corporación do seguinte:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do Período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, no Concello de Riveira para o segundo trimestre de 2018.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicar a mesma na páxina web do Concello de Riveira.

Riveira, á data da sinatura dixital. O Alcalde, Asdo: Manuel Ruiz Rivas”.

14.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA 21 DE XULLO DE 2018 (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 63 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 21 xullo 2018 en secretaria xeral do Concello.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

15.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

- Rogos.

1º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 06 de xullo de 2018 (rex entr. 05-07-2018, nº 10.215) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa Manuel Murguía en Aguiño, presenta na actualidade, unha cantidade importante de herba de grande tamaño nas beirarrúas.
Dita rúa e recorrido habitual da procesión da imaxe da Nosa Señora do Carme, que se conmemora o 16 do actual.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Que se acometa a limpeza de ditas beirarrúas, ea corta das herbas que dificultan o paso das persoas, máxime en datas tan sinaladas.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que ten orden a brigada municipal de ir a facelo.

2º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 06 de xullo de 2018 (rex entr. 05-07-2018, nº 10.216) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na rúa Mariño de Rivera, na súa confluencia coa avda. Miguel Rodríguez Bautista, está colocado un andamiaxe desde fai uns dós anos.

Dito andamio, xunto coa valla, ocupa a zona de tránsito peatonal, impedindo, ou dificultando, o paso das persoas pola beirarrúa, tendo que facer uso da calzada para desplazarse, sin que teña as mínimas medidas de seguridade.

A simple vista a obra está rematada en planta baixa, dotada de carpintería e acabado exterior.

O andamio, hoxe, representa una barreira arquitectónica.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO

1.- Que se faga unha revisión, por persoal técnico adecuado, das características e medidas de seguridade de dito andamio e do mallazo que fai de valla.

2.- Que se tomen medidas de cara a garantir o paso das persoas polo lugar, retirada do andamio, ou realización de acera suplementaria e guarnecida, máxime coa chegada das festas do verán.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o andamio xa o

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 65 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

quitaron.

3º.- Rogo do concelleiro Manuel A. García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 11 de xullo de 2018 (rex entr. 11-07-2018, nº 10.474) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na rúa Juan Sebastián El Cano constatamos desde fai 20 días restos da tubaxe da renovación dos tendidos eléctricos, e colocación de cadros de contadores.

Esta actuación de renovación estase realizando en todo o núcleo urbán pola empresa Electnor.

O escenario deixado cunha importante cantidade de diversas mangueriras de canalización, como se pode comprobar na foto anexa, non é do gusto do vecindario. A maiores está acumulando gran cantidade de basura, que non se limpa, entre os restos, que impiden a boa utilización da vía pública polos veciños.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO

Que o Sr. Alcalde faga as xestións oportunas a fin de correxir as deficiencias observadas; cun mantemento axeitado das labores de limpeza.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que esto tivo que ver cunha obra que deixaron un tendido eléctrico que debía estar xa retirado, de todas formas, senon vaise a retirar pero creo que xa está.

4º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 13 de xullo de 2018 (rex entr. 13-07-2018, nº 10.635) do seguinte tenor:

“En Riveira, temos unha rúa, pequena e estreita, a rúa do Cruceiro, que vai dar a Bendorrio, os veciños que alí viven non son moi dados a pedir nada para melloralas, pero este ano, entre choivas, mal tempo e demais creceu tanto as herbas e a maleza que case é imposible transitar por ela, os tramos que están mais ben é porque os veciños se encargan de limpala, alí hai tramos co firme deteriorado, ruínas que invaden a rúa, e a maleza destas ruínas estanse facendo donas do espazo, as fotos son

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 66 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

suficientes para ver o estado desta rúa, que por certo, según os veciños nunca a van limpar e por esto é polo que se lle pide ó Sr. Alcalde o seguinte:

Que se limpe (barra) de forma periódica.

Que se limpe de maleza e herbas, e pedirlle os donos das ruínas que as manteña limpa de maleza.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que alí suélese mandar, e ademáis se suele actuar con cal porque sale herba e suelen resbalar, se non foron, van a ir.

5º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), de data 13 de xullo de 2018 (rex entr. 13-07-2018, nº 10.636) do seguinte tenor:

“A Ameixida é un lugar moi bonito, ten un pequeno muelle que usan os mariñeiros ou moitos deles, ademais de unir esta zona co recente paseo marítimo que chega ali.

O muelle neste momento esta totalmente abandonado e presenta un estado que realmente non e o adecuado nin para os usuarios nin para os que disfrutan do paseo e chegan ata alí, (as fotos din claramente a situación na que está) firme desfeito, barandillas rotas e oxidadas etc.

Non temos coñecemento, si o mantemento deste muelle, é de Costas, Portos ou o Concello, e por eso lle rogamos o seguinte:

Si é do Concello, amañalo o mais rápidamente posible.

Si é de Costas pedirlle que o poña en condicións para non ser un riesgo para os usuarios.

Si é de Portos que o amañen xa.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que é competencia de Portos, pero hai un tramiño que igual o podemos ir a arreglar nós que é o da rambla, porque está con cables da luz e a barandilla hai que sacala e colocar outra, pero é competencia de Portos e llo remitiremos tamén.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

6º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), de data 13 de xullo de 2018 (rex entr. 13-07-2018, nº 10.638) do seguinte tenor:

“Frente á marquesina dos Mosqueiros, hai unha papeleira, por chamarlle así, porque agora é chatarra, está rota, oxidada e non ten fondo, a foto da fe do seu estado e por eso é polo que se lle roga ó Sr. Alcalde o seguinte:

Repoñela, e si non pode ser en uns días quitar esta ata que se poida substituír.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a papeleira xa está retirada nos Mosqueiros.

7º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 13 de xullo de 2018 (rex entr. 13-07-2018, nº 10.640) do seguinte tenor:

“Na rúa do Castro, en Castiñeiras, as beirarrúas se encontran cos bordillos desfeitos e moitas lousas totalmente rotas creando unha barreira arquitectónica para nadar por elas. As leiras ou solares que hai alí, levan tempo sin desbrozar e como consecuencia moitos tramos da acera están cheas de herba maleza tendo que baixar á calzada para poder andar por alí como tamén as herbas crecen nos bordillos facéndose donas do firme e das aceras e por isto é polo que se lle roga o Sr. Alcalde o seguinte:

Limpar e amañar estas beirarrúas.

Requerir os donos dos solares para que manteñan un espazo limpo e así que non invada a maleza as aceras.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que si non está desbrozado, van a desbrozar.

8º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 12 de xullo de 2018 (rex entr. 13-07-2018, nº 10.642) do seguinte tenor:

“En Aguiño, no porto, exactamente en fronte do monumento dos percebeos, hai un parque infantil, un parque frecuentado por nenos e persoas maiores, unhas acompañando os nenos pequenos e outras disfrutando del como un punto de encontro.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Os xóvenes tamén o usan para facer botellón ou simplemente estar alí, ata aquí todos contentos, pero ó día seguinte o parque queda cheo de restos do botellón e teñen que limpalo mais gordo os usuarios.

Fomos velo e efectivamente non exaxeraron nada e ademais vimos como ten moitas partes deterioradas, lousas, banco, escaleiras etc (as fotos dan testimonio) e por eso é polo que se lle roga ó Sr. Alcalde o seguinte:

Mandar limpar o parque de forma periódica.

Amañar os desperfectos, ben usando esos ingresos que van vir ou tendo en conta para as próximas subvencións.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que tamén está dada o orde de limpar.

9º.- Rogo do concelleiro Manuel A. García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 17 de xullo de 2018 (rex entr. 17-07-2018, nº 10.747) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde fai tempo, casi desde o inicio da actividade, veciños de Deán Pequeno e rúa Sidreiras veñen trasladando o seu malestar polos cheiros xerados na Planta de almacenaxe dos vehículos de recolleita do lixo da cidade, da empresa Recolte.

En virtude de todo o Exposto, o Grupo Municipal Socialista faille ao sr. Alcalde, o seguinte,

ROGO:

Que por parte de quen corresponda, se poña en contacto coa empresa concesionaria da recollida de basuras e limpeza <Recolte>, para que proceda a eliminar de inmediato os malos olores que están perturbando a convivencia dos veciños residentes na zona.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que ahí xa se lle informou á empresa que extreme todas as medidas. Saben que teñen que facer unha

Pleno 30 de Xullo de 2018

Página 69 de 75



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F44700Q3S3B6H8U1W7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:29

DOCUMENTO: 20180259143

Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

nave nova en Xarás. O problema desa nave ten que ver con que tiveron que modificar o proxecto porque ahí queremos que vaia, e a Xunta nos dou autorización, unha planta de transferencia como a que hai en Boiro, para que os camións de Riveira non teñan que ir hasta Boiro, podan deixar aquí, Xogama recollelo, eso nos vai a facer que nos den, non sei si baixamos 4 € o coste da tonelada pero retrasou que puideran estar xa có proxecto da nave feito e terían un pouco mais de tempo en Dean.

10º.- O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), dí que falta un rogo da zona de Pedra Pateira.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, o vin no periódico pero ese non mo pasaron, en todo caso, estaba previsto e vaise a facer; supoño que se está referindo de Cerqueiras ao outro lado na dirección única; ao principio non entendíamos ben o que pedía pero o seu rogo non solo vai a ser aceptado senon que tamén estaba previsto poñer unha dirección única.

11º.- O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), dí que había outro mais na rúa da Concha e a rúa da Cobasa.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, eu non a teño, mañán o mirarei, pero si é un rogo xa lle contesto mañá e a miro.

- Preguntas.

1º.- Pregunta do concelleiro José Manuel Cardalda Novo, (portavoz do grupo m. Cs), de data 16 de xullo de 2018 (rex entr. 16-07-2018, nº 10.711) do seguinte tenor:

“La nueva Comisaría de Policía Nacional de Ribeira es una necesidad básica para el Concello de Ribeira ¿En qué estado de tramitación se encuentra esta obra?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a min o cambio de





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Goberno preocupoume por si podía afectar a ese tema; a verdade é que me garantizan que non iba a afectar. Tiñan un problema que os presupostos non estaban aprobados, agora están aprobados. Hoxe falei có Subdirector Xeral, Felipe Del Pozo, me garantizou que esa obra está dentro do previsto para executar este ano, pero nestos momentos está pendiente dun trámite que é cambiar a parte eléctrica porque cambiou a normativa dende que se fíxo o proxecto que é do ano 2016, é unha cousa que me dixo que podía levar 4 ou 5 días, que era incluír os cambios legislativos, a parte eléctrica do proxecto, así que eu espero que sea unha realidade.

2º.- Pregunta da concelleira Elvira Blanco Pérez (grupo m. BNG), de data xullo de 2018 (rex entr. 16-07-2018, nº 10.712) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do "Riveira Beer Fest" nos pasados días 13, 14 e 15 de xullo xerou un gran malestar nos hostaleiros e restauradores, especialmente naqueles que teñen os seus locais na zona de emprazamento do festival.

Estes veciños e veciñas entenden que a actividade, na cal o Concello de Ribeira figura como entidade colaboradora, lles prexudicou. Isto é así dado que tivo lugar nunhas datas que adoitan ser boas para os ingresos da hostalaría local, habendo outras fins de semana do ano nas que a actividade podería ter sido exitosa para ambas as partes.

Ademais, consideran que dende o goberno local se creou unha competencia desleal aos locais de restauración da zona, lonxe de promocionar o comercio e a hostalaría locais.

Por estes motivos, en nome do BNG de Ribeira solicito

1. Que o goberno do Concello de Ribeira dea conta do custe real para as arcas municipais da realización do "Riveira Beer Fest".”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que saíu en 0 € pero os que tomamos unha cerveza cando menos nos salía en 5 € porque tiñas que comprar o vaso mais unha cerveza de 2,5 €, a min salíume en 10 € sin darme conta, pero para o Concello foi gratuito.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

3º.- Pregunta do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez, (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 18 de xullo de 2018 (rex entr. 18-07-2018, nº 10.826) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este pasado fin de semana, venres día 13, na prensa local apareceu unha noticia sobre a licitación dos proxectos da Circunvalación de Ribeira.

Os proxectos técnicos que saliron a licitación correspóndense co estudio de impacto ambiental e o deseño do trazado. Segundo comenta a crónica cando estén listos someteráanse a exposición pública.

Tamén comenta que a primeira parte da obra afectará ao tramo que bordea o núcleo de Santa Uxía ata a avenida da Constitución. A segunda, terá continuidade ata o porto, nun ámbito máis urbán.

Polo exposto anteriormente, desde o grupo municipal socialista PSdeG-PSOE, facemos a seguinte, PREGUNTA,

1. Sr. Alcalde, estes proxectos técnicos de trazado para a variante da circunvalación de Ribeira, teñen algunha diferenza con respecto ao plano trasladado aos concelleiros?
2. En todo caso, no período de exposición pública o grupo municipal socialista trasladará as súas alegacións respecto do proxecto elaborado.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que non sei si decirlle que non son adivino ou son, é dicir, o que se fixo hasta agora foi un estudio de viabilidade, para saber si era posible facer unha circunvalación que fora dun lado ao outro. Estudiaron o terreno, estudiaron as cotas, e o que vostede veu e o que eu lle presentei aos grupos é o estudio de viabilidade de que é posible, agora, o que van a facer é o estudio dese trazado, polo tanto, supoño que vai a coincidir en gran parte ahí, pero eso non quere dicir que non vaia 10 metros máis arriba, 10 metros máis abaixo, polo tanto, non lle podo responder porque precisamente a resposta ven no traballo que lle van a adxudicar, é dicir, ninguén sabe por onde vai a ir.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

4º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 26 de xullo de 2018 (rex entr. 26-07-2018, nº 11.073) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na rúa Miguel Rodriguez Bautista hai unha sinal de carga e descarga, ata aquí normal pero a diferenza das outras sinais é que esta non coincide ca hora de remate do período de carga e descargar, (e adxunta foto) e por iso se lle pregunta o seguinte:

Porqué e quen autorizou un horario mais amplo de carga e descarga?.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que foi a solicitude da tenda que hai de electrodomésticos porque resulta que cando ven normalmente a última hora co electrodoméstico que acaba de sacar dalgún lado ou levar o electrodoméstico, xa é a hora a que eles aínda están traballando e os comercios xa cerran mais tarde, e xa encontran vehículos aparcados, e claro unha nevera ou unha lavadora e sin aparcamiento, e pideu si se podía dar ½ hora mais, a Policía Local non lle veu inconvinte e esa foi a razón de ampliar ½ hora.

5º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 26 de xullo de 2018 (rex entr. 26-07-2018, nº 11.076) do seguinte tenor:

“En Aguiño, na rúa Listres, dirección Castiñeiras, hai un tramo de acera na que se levantaron as baldosas rompéndose, ocasionan tropezoños e sobre todo dificultan o paso con andadores, carros de bebé e por suposto cadeiras de rodas, leva tempo así, sen amañar e por eso é polo que se lle roga o seguinte:

Amañar este tramo de acera.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, efectivamente, así é e xa se dou orden de arranxalo.

6º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 26 de xullo de 2018 (rex entr. 26-07-2018, nº 11.078) do seguinte tenor:





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

“Na Rúa do Barreiro, en Palmeira, os veciños nos piden que fagamos este rogo, levan tempo ca acera nese estado, adxúntase foto, sen que se arregle, as baldosas están levantadas e arrimadas á parede, e a acera está creando unha barreira arquitectónica que dificulta o paso e ademáis é un peligro porque se pode tropezar e caer e a esto hai que añadir que non se pode deixar así esta pola imaxen tamén de abandono. Os veciños non saben cal foi o motivo de que esté así, non recordan obra alí, pensan que afloxaron e foron quitándose e por eso é polo que se lle fai o seguinte rogo:

Que se amaíe ese tramo de acera.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, neste caso, a empresa que fixo a obra porque todavía a obra estaba en garantía, o que pasa que xa saben que a veces o cemento ao fraguar levanta a baldosa.

7º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 26 de xullo de 2018 (rex entr. 26-07-2018, nº 11.080) do seguinte tenor:

“Prácticamente rematado o mes de xullo. As persoas que van á praia se queixan de que este ano na limpan, é certo que durante a mañán non se ve polo menos en Coroso, pero comprobamos mais arenales e pasa o mesmo, as cuadrillas que había outros anos, e están cheas de restos que moitas veces parecen arrastrados polo mar e por eso lle facemos a seguinte pregunta.

Que pasa ca limpeza de praias?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, efectivamente, neste caso, que recae na nova empresa, que o Concello non ten persoal de limpeza de praias, antes reforzábamos á empresa Urbaser porque non estaba claro que no pliego eles tuveran que facer toda a limpeza e o Concello poñía unha serie de personal, e neste caso, a empresa ten que facer a limpeza de tódalas praias, en concreto ten 8 persoas traballando e ten 2 vehículos: un é o tractor e outro o camión. Hai 3 praias nas que ese camión ou tractor actúa tódolos días, que é na praia de Coroso, na praia da Corna, e na praia de Riazor, e no resto actúa cada 2 días, é dicir, a maquinaria é da





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

primeira hora da mañá, incluso, a Sra. García Pose, suele madrugar e pasear, pois, xa non ve a máquina porque normalmente ten que descansar.

8º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 26 de xullo de 2018 (rex entr. 26-07-2018, nº 11.081) do seguinte tenor:

“Os xubilados levan moitos sábados concentrándose e manifestándose en Pobra. A esa manifestación van de todos os concellos incluíndo o noso, e van a esas concentracións porque as convocan os xubilados, reivindicando pensións dignas e garantizadas xa que non é un regalo senon un dereito conseguido a cambio da vida laboral.

Cada vez que hai un acto ou data que reivindica algún dereito poñemos a pancarta no balcón do Concello, IPdeR cree que os xubilados tamén teñen dereito a ter a pancarta que recorden que están luchando polos dereitos dos pensionistas e por isto é polo que se lle roga ó Sr. Alcalde o seguinte:

Poñer unha pancarta con un lema como, por unhas pensións dignas.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, pola miña parte, saben que non suelo ter problema nas reivindicacións, se nos parecen xustas, pois, que a podan colocar.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 30 de xullo de 2018

O Alcalde.

Dou fe. O secretario xeral.

Manuel Ruiz Rivas.

Juan Manuel Salguero del Valle.

